CADERNOS DE TEATRO

Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro — Ano 2023

" A comedia sempre provocou desconfianza nas autoridades civís e relixiosas. Por iso o teatro nunca se librou de ser unha arte do demo" (Quico Cadaval)

Celebramos o X Aniversario da nosa Aula de Teatro

Obra gañadora do V Premio Roberto Vidal Bolaño

Película que preparamos para o X Aniversario

Escena de Idiota, de Jordi Casanovas, que levamos de xira por outros dous institutos

Para a nosa festa de aniversario contamos coa actuación especial de Quico Cadaval

Monólogos para o 8 de marzo

Neste número dos *Cadernos de Teatro,* que agora tamén chega ao seu número dez, informamos sobre a festa teatral que organizamos no Centro Cultural do Porriño para celebrar o X Aniversario da existencia do noso grupo teatral; falamos do último premio Roberto Vidal Bolaño e do primeiro certame de Microteatro; damos conta da nosa montaxe de *Idiota,* de Jordi Casanovas (coa que retomamos as representacións con público despois da pandemia) e dos monólogos para o 8 de marzo; entrevistamos a nosa profesora e actriz profesional Nadia G. Doménech; recollemos unha experiencia real de como se traballa co teatro comunitario; facemos crítica teatral dalgunhas obras que están en cartel; dedicamos un espazo á análise do teatro francés (a farsa medieval e mais o teatro de Sartre); publicamos unha versión bilingüe inglés-galego dun texto de Roald Dahl; explicamos propostas pedagóxicas a partir doutros autores universais como Washington Irving ou Oscar Wilde, e suxerimos tamén de que maneira podemos introducir a danza popular galega na vida do centro. Ogallá vos presten estas páxinas!

José Luis Baños de Cos gaña o V Premio Roberto Vidal Bolaño, pola súa obra teatral *Lumes*

O día 14 de novembro de 2022 entregamos nunha gala celebrada no Salón de actos do noso IES o V Premio de Teatro Roberto Vidal Bolaño. O gañador foi José Luís Baños de Cos coa obra *Lumes*. José Luís xa tiña sido gañador deste certame no ano 2020 coa obra *A cámara escura*.

O Xurado desta edición estivo formado pola actriz Cecilia Vázquez, o dramaturgo Ernesto Is, o profesor do IES Ribeira do Louro Delio García e actuou como secretaria Raquel Castro. Un xurado que na acta do fallo destacou da peza gañadora que sexa unha obra que aborda o tema das diversas violencias sociais, como a homofobia ou a violencia de xénero, das que todos os personaxes sofren as consecuencias. E que estea escrita cunha dramaturxia que mestura relato e o drama, dándolle relevancia ás partes grupais, onde, a xeito de coro clásico, agroma a conciencia social.

Trátase dunha obra moi acaída pola temática e pola linguaxe empregada para a súa representación ou lectura nos centros de ensino secundario a quen van destinadas, a priori, estas pezas gañadoras do certame.

Na gala de entrega do premio estiveron presentes o alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, o director da Editorial Galaxia, Francisco Castro, e o Equipo Directivo do IES Ribeira do Louro. Tanto o Concello do Porriño como a Editorial Galaxia participan deste premio, destinado a dotar a literatura galega de textos teatrais para a xuventude, xunto co IES Ribeira do Louro. Puxeron a parte musical da gala Miguel Santiago, Xefe de Estudos do Centro, no piano e Anxo Martínez, alumno de 4º da ESO, no piano e na trompeta, dándolle ao evento un ton elegante e ameno.

A obra de José Luís Baños de Cos será publicada pola Editorial Galaxia no ano 2023, ano para o que xa está convocada a VI edición do Premio, que se fallará no mes de xuño de 2023.

José Luis Baños, na gala de entrega do premio. Abaixo, outras dúas imaxes da xornada no noso IES

O Concello do Porriño, a Editorial Galaxia e o IES Ribeira do Louro convocan o VI Certame de textos teatrais Roberto Vidal Bolaño

"Este certame nace pola necesidade de fomentar a escrita de textos teatrais dirixidos ao alumnado de ESO e Bacharelato. Por iso, o Concello do Porriño, o IES Ribeira do Louro e a Editorial Galaxia, convocan este certame coa finalidade de crear un fondo de textos teatrais susceptibles de ser representados por alumnado do ensino secundario. Asemade, pretendemos honrar a figura de Roberto Vidal Bolaño que tanto contribuíu a engrosar o corpus do teatro galego."

BASES

1. Poderán concorrer ao Premio todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos teatrais inéditos e non premiados noutros certames, que estean escritos en lingua galega. Agás as persoas gañadoras das dúas edicións anteriores.

2. As OBRAS serán de temática e extensión libre, aínda que hai que ter en conta que van ser interpretadas por alumnos e alumnas de entre 12 e 18 anos.

3. Cada autor/a poderá presentar máis dunha obra, se así o desexa.

4. O PREMIO constará de 2.000 euros, suxeitos ás retencións fiscais correspondentes, e que computarán en concepto de adianto de dereitos de autoría, un diploma acreditativo e a edición e publicación da obra gañadora a cargo da EDITORIAL GALAXIA. Para tal efecto a editorial asinará co gañador ou coa gañadora o correspondente contrato de edición.

5. Haberá unha única obra gañadora e o premio poderá quedar deserto se as obras presentadas non se adecúan á finalidade do premio, segundo o criterio do xurado.

6. O PRAZO de presentación de orixinais remata o 30 de abril de 2023.

7. Enviaranse catro copias da obra, debidamente encadernadas, xunto coa plica, nun sobre pechado cos datos do/a autor/a. O ENVÍO farase a través de correo postal ao enderezo:

IES Ribeira do Louro (Rúa Ribeira s/n, 36410, Torneiros, O Porriño), especificando no sobre VI Premio de Teatro Roberto Vidal Bolaño.

8. O XURADO estará conformado polo EDL do IES Ribeira do Louro, dous profesionais do ámbito das artes escénicas e un representante da Editorial Galaxia; e prestará especial atención á innovación dramatúrxica, as novas linguaxes contemporáneas e a singularidade temática das pezas.

9. A obra gañadora darase a coñecer, nun acto organizado polo IES Ribeira do Louro, o 30 de xuño de 2023.

10. Se durante o tempo de presentación e deliberación a obra presentada recibise algún premio ou fose editada, o/a autor/a deberá comunicalo á organización do certame, xa que este feito será motivo de exclusión do presente concurso.

11. Os orixinais non premiados poderán ser recollidos na sede da Editorial Galaxia no prazo dun mes a partir do fallo do xurado. As obras non recollidas serán destruídas pasado o mes.

12. O feito de participar neste certame supón a aceptación total destas bases. O non previsto nelas será resolto pola organización."

A cuarta parede, de Nicolás Freiría Casal (3ºESO-A), Primeiro Premio de Microteatro, convocado pola nosa Biblioteca

TEXTO - A CUARTA PAREDE

ESCENA 1 (CASA)

(Un home, Alberte, entra na súa casa)

ALBERTE: Ola! Xa cheguei do traballo, que tal todo?

MARÍA: Ola, cariño, todo ben por aquí. E ti que tal?

ALBERTE: Moi ben, por fin foi adiante o proxecto de vendas en Estados Unidos, gañaremos millóns!

MARÍA: Iso é xenial! Por fin empezan a ir as cousas como querías, e a túa empresa xa está collendo sona.

ALBERTE: E axiña collerá máis co novo invento que estou desenvolvendo coa axuda dos nosos mellores enxeñeiros, un proxecto que, de funcionar correctamente, revolucionará o mundo para sempre.

MARÍA: E pódese saber cal é ese marabilloso invento?

ALBERTE: É un tele-transportador, podes desprazarte a calquera parte do mundo en tan só uns nanosegundos. Descompón as moléculas que forman o noso corpo e envíaas a través do espazo-tempo, e cando chegan ao punto desexado volven a xuntarse. Para nós sería instantáneo, desaparecer e volver a aparecer. Mañá terei unha importante xuntanza co equipo de enxeñeiros para falar sobre o proxecto.

MARÍA: É broma, non? Estasme dicindo que deches coa clave dun dos maiores soños da humanidade? Non podes estar falando en serio.

ALBERTE: Xaora que falo en serio. Levabamos anos traballando nisto e agora por fin parece que están dando resultado as probas, pero aínda quedan uns retoques para que sexa funcional.

MARÍA: Non o podo crer, es un xenio!

ALBERTE: Grazas, pero non nos adiantemos, aínda queda moito traballo ata que poidamos presentar o produto final. Debería deitarme xa, mañá teño moito que facer.

MARÍA: Eu aínda penso ver un capítulo dalgunha serie de Netflix, nun anaco xa me deito eu tamén. Boas noites!

ALBERTE: Boas noites!

ESCENA 2 (LABORATORIO)

(Alberte está cun grupo de dous enxeñeiros, ante eles un pequeno artefacto no que están traballando)

ALBERTE: Pásame o desaparafusador.

ENXEÑEIRO 1: Aquí tes.

ALBERTE: Vale, axustamos aquí este parafuso e... Xa está! Agora ten que funcionar! Trae a mazá.

Os gañadores do concurso de Microteatro: Gabriela Rodríguez Lago e mais Nicolás Freiría Casal

(Un enxeñeiro dálle unha mazá, Alberte cóllea e conéctalle o aparello feito previamente con papel de almiño, apóiaa nunha mesa á parte, que ten un burato polo que pode caer a mazá que dende a perspectiva do público non se ve, tapa a mazá cunha campá e móvea ata que a mazá caia polo burato. Logo saca o móbil.)

ALBERTE: Perfecto! E agora dende a aplicación móbil axustamos as coordenadas e vexamos se por fin funciona... Levanta a campá.

(Un dos enxeñeiros ergue a campá coa que se cubriu a mazá mostrando que non hai nada)

ALBERTE: Xenial! E agora vexamos se está onde quería que estivera.

(Mete a man no peto e extrae outra mazá cun artefacto como o anterior nela)

ENXEÑEIRO 2: Por fin!

ENXEÑEIRO 1: Incrible!

ALBERTE: Aínda non dou creto! Despois de tantos meses de traballo aquí está o resultado! (Dálle un bocado á mazá) E non perdeu nin un pouco do seu sabor, ten que ser o maior invento da historia da humanidade! Chúpate esa Edison! Vou chamar ao consello científico, temos que mostrarlles esta descuberta!

ESCENA 3 (SALA DE XUNTANZAS)

(Un home, Xoán, o presidente do consello, está sentado nunha mesa. De pé atópase Alberte presentando o seu invento)

ALBERTE: Ben, o motivo desta xuntanza é que vos quería presentar o proxecto no que estiven traballando estes últimos nove meses practicamente sen descanso... (Saca do peto o aparello) O tele-transportador.

XOÁN: (Ri) De verdade cres que imos crer que inventaches un tele-transportador? Veña xa, iso non é posible. Non é a primeira vez que nos fas perder o tempo coas túas estupideces. Por se non o sabes, nós tamén temos traballo.

ALBERTE: Prométovos que esta vez non vos vou defraudar, estíveno probando e funcionou perfectamente. Dádeme unha oportunidade, xúrovos que pagará a pena.

XOÁN: Pois si, pero se non funciona quedarás expulsado deste consello.

ALBERTE: Non te preocupes, iso non pasará.

ALBERTE: Vale, só teño que axustarme o tele-transportador ao brazo; agora saco o meu teléfono e accedo á aplicación, axusto as coordenadas para aparecer xusto ao fondo da sala... perfecto! Só queda premer este botón e debería transportarme. É a primeira vez que o probo cunha persoa, pero se saíu ben coas mazás ten que saír comigo.

XOÁN: E a roupa? Non se tele-transportaría só o teu corpo deixando atrás a roupa?

ALBERTE: Ese é un dos principais problemas que tiven ao principio. Está claro que non podo aparecer sen roupa, pero tras algunhas investigacións logrei chegar a un sistema co cal todo o que estea directamente en contacto co corpo da persoa tele-transportaríase con el, así que por iso non vos preocupedes. E agora si, imos coa demostración. Como vos comentaba, unha vez axustadas as coordenadas na aplicación só quedaría premer este botón. Estades a punto de presenciar o soño de calquera persoa. 3... 2... 1...

XOÁN: E ben? Xa rematache co teu conto? Está claro que todo iso o tiveches que soñar, non é posible tele-transportar un obxecto, unha persoa ou o que sexa, non é posible! Rompe totalmente con todas as leis da física. Xa nos fixeches perder moito tempo, podes marchar, e non volvas por aquí, queda claro? (Alberte non se move nin reacciona)

XOÁN: Alberte! Alberte! Quedou claro?

ALBERTE: Perdoa, quedeime no limbo, pero dá igual, porque funcionou!

XOÁN: Pero que dis? Non ves que segues exactamente no mesmo sitio onde estabas?

ALBERTE: Pero polo visto non funcionou exactamente como cría que ía funcionar, en vez de tele-transportarme eu só, fixémolo os dous, pero tampouco logro identificar onde estamos.

(Segue na páx. 4)

XOÁN: Que dis, pallaso? Xa estás delirando? Logo, normal que penses que inventaches o tele-transportador. (Ri) Ao final o que necesitas é tele-transportarte directamente ao manicomio, porque o teu, rapaz, non é normal.
ALBERTE: Claro, supoño que á fin e ao cabo todos estamos comunicados a través do chan, pero non sei que puido fallar para que aparecésemos neste escenario?
XOÁN: Que escenario nin que escenario? Esperta, Alberte!
ALBERTE: Non o ves? A ver se vas ter que ir ao oculista, moita xente non se dá conta de que non ve mal ata que vai ao oculista.
XOÁN: Non necesito lentes, Alberte. O único que necesita algún tipo de atención médica es ti, está claro que ese aparello fritiute o cerebro.
(Alberte mira ao público e sobresáltase)
ALBERTE: E toda esta xente?
XOÁN: Estasme empezando a preocupar moito. Estás ben? Queres que chame unha ambulancia?
ALBERTE: Estasme a dicir que non ves absolutamente nada? Non ves a toda esta xente que nos está a mirar?
(Alberte baixa do escenario e dá unha volta polo patio de butacas)
XOÁN: E agora onde vas?
(Alberte diríxese a unha persoa do público)
ALBERTE: Ola, eu son Alberte! Como te chamas?
(A persoa do público responde)
ALBERTE: Ola, *nome*, encantado de coñecerte. Sei que é un pouco raro que apareza así de repente, agardo non tervos asustado moito, é que acabo de inventar o tele-transportador, e debín indicar mal as coordenadas e aparecemos aquí. Poderíasme decir onde estamos?
(A persoa do público responde)
ALBERTE: Interesante. (Cara a Xoán) Ves como xa non estamos no teu despacho? Igual perdiches algunhas neuronas na viaxe. Teño que solucionalo, síntoo moito.
XOÁN: Que, xa rematache a túa conversa co aire? De verdade que non queres que chame a unha ambulancia?
ALBERTE: Claro que non, parvo. E ademais, non tes respecto ningún pola xente. Como podes dicir que o meu/miña amigo/a *Nome* é aire? (Cara á persoa do público) Perdoa se te ofendeu, *Nome*, o invento aínda está en fase experimental e sentíndoo moito, debéuselle quedar a metade do cerebro alá. E vós que, estabades a ver unha obra de teatro? Vaia, seguramente os actores tele-transportásense ao sitio do que vimos. Si que hai moitas cousas que retocar... Pero veña, xa non te molesto máis, que son un pesado. Vou intentar volver e a ver se o meu amigo Xoán recupera a metade do seu cerebro e os actores que vos estaban a representar a obra volven.
XOÁN: O primeiro, non somos amigos, simplemente teño a obriga de aturarte como presidente do consello científico. E segundo, en todo caso o que perdeu a metade do cerebro es ti.
ALBERTE: Que si, que si. (Cara ao público) Nin caso. Coitado.
(Volve subir ao escenario)
ALBERTE: A ver, axusto as coordenadas na aplicación e só lle teño que dar ao botón. Adeus, amigos, foi un pracer coñecervos! Que gocedes da obra! (Preme o botón)
XOÁN: Que, xa deixaches de xogar? (Alberte non responde nin se move) Alberte! Esperta!
ALBERTE: Si, perdoa, volvinme quedar no limbo. Deben ser os efectos secundarios de usar o tele-transportador. Teño que retocar algunhas cousas antes de comercializalo, pero xa puideches ver que funciona á perfección. Pero imos ao importante, recuperaches a metade do cerebro?
XOÁN: Xa che dixen que non perdín nada. E agora que xa parou o teu desvarío fai o favor de saír pola porta e non volver máis.
ALBERTE: Pero por que? Non entendo. Se che demostrei que funciona á perfección.
XOÁN: Seica segues no mesmo, e xa estou moi preocupado pola túa saúde. Xa sabía que non ía saír nada bo disto. Chamarei á ambulancia e que te leven ao hospital, non podes ir así. (Colle o teléfono, marca o número da ambulancia e afástase para falar)
ALBERTE: (Para si) De verdade que non entendo nada, será certo iso de que algo me ocorre. Pode ser que o aparello me dera unha descarga e me fixera delirar. Ten razón, o mellor será unha revisión polo menos.

ESCENA 4 (HOSPITAL)

(Alberte está xunto cun doutor)
DOUTOR: Pois si, Alberte, a resonancia magnética saíu completamente limpa. Non hai nada anormal no cerebro. Concluímos o mesmo que co resto das probas: o teu cerebro está perfecto. Non obstante quería ver por min mesmo o que che sucede exactamente ao usar o teu invento.
ALBERTE: Sen problema. Axusto o tele-transportador ao brazo e dende a aplicación selecciono as coordenadas, por exemplo a miña casa. Perfecto! Agora só teño que premer este botón. 3... 2... 1... (Preme o botón).
DOUTOR: De acordo, parece que todo está normal, non tes o pulso acelerado nin presentas espasmos. Que sentes? (Unha vez máis Alberte non responde nin se move) Alberte, estás ben? (Segue sen inmutarse) Alberte!
ALBERTE: Si, perdoe. Xa me quedei outra vez no limbo. Teño que arranxalo en canto chegue á miña casa. Pero dá igual, ao que iamos. Como pode ver, agora estamos noutro sitio totalmente distinto á súa consulta. Pero non estamos na miña casa, onde estamos? Agarde... Outra vez neste escenario? Non o comprendo, aparecemos sempre no mesmo sitio.
DOUTOR: Ti ves que estás noutro lugar?
ALBERTE: Si, claro. Vostede non?
DOUTOR: Vouche facer unha resonancia, teño que ver se hai algo anormal cando tes posto o aparello. Quizais emite algunha especie de radiación, iso verémolo agora.
ALBERTE: Pois si, pero antes teremos que volver ao hospital non? Ou ten unha máquina portátil?
DOUTOR: Alberte, segues na miña consulta. Todo iso está na túa cabeza.
ALBERTE: Comprendo. Todo está na miña cabeza... Entón, tanto este sitio, este escenario e toda esa xente non son máis que froito da miña imaxinación?
DOUTOR: Aínda temos que facerche probas, pero si, non son reais. Acompáñame ata a sala de resonancias.
(Saen da escena, e uns segundos máis tarde volven)
DOUTOR: Non o dou entendido. Está todo normal. Podería ser unha enfermidade mental como a esquizofrenia, pero parece que se active soamente ao accionar este artefacto. Déixame probar o aparello, soamente así podo descubrir cal é a fonte do problema.
ALBERTE: Está seguro de que o quere probar? Podería arriscar a súa saúde. Se me fixo isto a min, poderíalle facer a vostede o mesmo, non?
DOUTOR: Xa che fixen todas as probas e non estás enfermo, o único que podes ter é, como che comentaba, unha enfermidade mental como a esquizofrenia, pero esas doenzas non están provocadas por nada en concreto, polo que é imposible que me poida pasar o mesmo que a ti, mais teño que probalo por se acaso.
ALBERTE: Vale. Axuste o tele-transportador ao brazo.
DOUTOR: De acordo.
ALBERTE: Perfecto, axusto as coordenadas e premo o botón. Sorte! (Preme o botón) E que? Sente algo? (O doutor amosa o mesmo comportamento que cando Alberte usaba o aparello consigo mesmo) Vale, está no limbo, ten que volver ao mundo.
DOUTOR: Quedeime ausente. O primeiro é que non me atopo mal en absoluto, estou perfecto. Á parte desa ausencia, non hai nada anormal. (Mira ao redor) Non pode ser! Estou nunha especie de... escenario.
ALBERTE: Ve! Non estou tolo! (Á parte) Ou polo menos non son o único que o está.
DOUTOR: E toda esta xente?
ALBERTE: Iso mesmo pensei eu cando os vin. Segundo parece estaban vendo unha obra de teatro ou algo así. O que non comprendo é onde están os actores que a interpretaban. Pero mire, pode saudalos. Ola! Encantado de volver a vervos, que tal estades?
DOUTOR: Non, non pode ser certo. Todo isto ten que ser froito da miña imaxinación. Ten que ser unha enfermidade nova por exposición á radiación ou algo así. Estou tolo, si, teño que estalo. Non é real, non o é. Acouga, Manuel, cuns tratamentos de nada estarás como novo. Que parvada, como se me ocorre exporme a esta merda? Unhas cantas probas de radiación e fóra, teño que comezar co tratamento xa de xa. Cada vez estou máis tolo. Non pode ser, estou delirando demasiado. Á merda este estúpido cacharro. (Tira o tele-transportador ao chan) Quen me mandaría, rematei coa miña cordura. (Vai saíndo de escena) Estou tolo, estou totalmente tolo, estou tolísimo, estou esaxeradamente tolo, estou tolamente tolo...
ALBERTE: Que narices acaba de pasar? O meu invento acabou coa cordura dun pobre home? Meu deus! Nunca pensei que puidera ter uns efectos tan fortes.
ALBERTE: E agora teño sorte de que trouxen o meu caderno de anotacións, aquí podo anotar todos os fallos do meu invento. (Saca do peto un pequeno caderno cun bolígrafo) Perfecto. Primeiro revisar os índices de radiación. Moi importante, non quero que ninguén volva tolear. Despois o das coordenadas. Teño que estudar este tema, que non quero aparecer sempre aquí. E por último teño que ver que pasa coa xente que estaba aquí.
(Baixa ao patio de butacas, nel hai un actor e Alberte vai ata el)
ALBERTE: Ola, como te chamas?
ACTOR DO PÚBLICO: Ola, chámome Antonio, encantado.
ALBERTE: Ola, Antonio, encantado (Téndelle a man).
ANTONIO: Moito gusto.
ALBERTE: A ver, como xa puideches comprobar, vin ata aquí co meu tele-transportador, e polo visto todo saíu mal. Así que teño que corrixir estes erros para perfeccionar o meu invento. O caso é que me queda unha cuestión, e quizais ti me poderías axudar.
ANTONIO: Sen problema.
ALBERTE: O caso é o seguinte. Vos estabades vendo unha obra de teatro, non si?
ANTONIO: Si, de feito estámola a ver.
ALBERTE: Agora mesmo estádela vendo?
ANTONIO: Si, claro.
(Alberte mira ao escenario)
ALBERTE: Pois non o entendo, non vexo os actores.
ANTONIO: Entón? Non es ti o actor?
ALBERTE: Eu? (Bótase a rir) Pero como vou ser eu? Se xa cho dixen, eu vin aquí co meu tele-transportador. Como vou ser eu un actor?
ANTONIO: Pero iso forma parte da obra, non?
ALBERTE: Non o comprendo, que queres dicir?
ANTONIO: O que quero dicir é que eu vin aquí a ver unha obra de teatro, a obra que ti e o resto de actores me estades interpretando.

(Segue na páx.22)

Aula de Teatro do IES Ribeira do Louro

Festexamos o X Aniversario no Centro Cultural do Porriño

De esquerda a dereita, Delio García, coordinador da Aula de Teatro; Adam Aboujaafar, facendo uso da palabra para contar as súas sensación como actor dende 1ºESO; Mateo Álvarez, a nosa máis recente incorporación, e Antonio García, o estudante que participou en máis obras teatrais.

No día 20 de xuño de 2022, toda a familia teatreira do IES Ribeira do Louro celebramos un xornada moi especial, os dez anos da constitución da nosa Aula de Teatro. En realidade, algo máis, porque cando en abril do 2020 nos dispuñamos a festexar o décimo aniversario, veu a pandemia e houbo adiala dous anos, aínda que iso si, durante ese período tan difícil para as artes escénicas, conseguimos entre todos e todas manter viva no noso centro a chama do teatro.

A xornada tivo lugar no Centro Cultural do Porriño, nun acto que quixemos compartir con toda a cidadanía, e comezou coa proxección dun vídeo no que se puido ver un resumo en 20 minutos de todas as montaxes teatrais realizadas na última década.

A seguir, abríronse os micros para que todos os rapaces e rapazas que algunha vez tivesen participado no grupo puidesen contar a súa experiencia, e o certo é que resultou moi fermoso escoitar os testemuños dos alumnos que se animaron a falar, como Adam Aboujaafar, Mateo Álvarez ou Nicolás Freiría, e tamén o dalgúns dos ex-alumnos do noso intituto que nos acompañaron, como Antonio García, Brais Canitrot e Paula Iglesias. Tal como nos contaron, a súa participación no grupo do teatro do centro formará parte sempre da súa memoria de emocións.

Quico Cadaval, estrela convidada no noso X Aniversario, nun intre do seu extraordinario monólogo

Por exemplo, Antonio García, que foi o noso actor que adquiriu maior veteranía, pois comezou en 1ºESO coa obra *Queixumes indios* no curso 2015-2016 e participou tamén na obra *Idiota* no curso 2021-22, cursando xa os estudos universitarios, explicou: «Para min o teatro foi fundamental para axudarme a falar en público e para coñecer moitas persoas simpáticas e agradables». Brais Canitrot, actor da obra *Criaturas* no curso 2013-14, lembrou a fonda impresión que lle causou representar aquel ano a peza de Roberto Vidal Bolaño no Centro de Día de Torneiros e os usuarios maiores aplaudindo. E Paula Iglesias, que se uniu ao grupo teatral no curso 2017-18 coa peza *Un cruceiro de pracer,* contounos: «O teatro abriume portas novas», e tamén: «Os ensaios eran a mellor parte da miña semana».

Aproveitamos tamén o acto para presentar publicamente o número 9 dos *Cadernos de Teatro do IES Ribeira do Louro,* e explicamos que se trata dunha revista teatral na que publicamos as reportaxes fotográficas das últimas obras representadas, e ofrecemos ademais artigos de análise teatral, entrevistas e propostas didácticas. Na nosa revista temos a sorte de contar coa colaboración de profesorado do noso instituto e tamén doutros centros educativos de Galicia. Todos os asistentes á xornada puideron levar gratuitamente un exemplar da revista.

Contamos que durante a pandemia tivemos que centrarnos na preparación de monólogos e na gravación das representacións pero sen público, unhas gravacións que logo eran proxectadas nas aulas. Comentamos que se trataba da única maneira de continuar coa actividade teatral, pero que estaba claro que aí faltaba un dos elementos esenciais do teatro, a comunicación directa co espectador. Con moita razón di Juan Mayorga que o teatro «é a forma máis directa de compartir a experiencia humana». Certo que iso sempre supón un reto e certo risco, mais ao mesmo tempo é un dos seus atractivos porque nunca sabes o que pode acontecer. Por esa razón, quixemos levar a esa xornada de celebración un petisquiño de teatro en directo e o alumno Nicolás Freiría Casal decidiu aceptar o reto e logrou representar maxistralmente con público o famoso monólogo do xudeu Shylock, un alegato antirracista escrito hai máis de catrocentos anos, incluído na obra *O mercador de Venecia, de W. Shakespeare.*

O broche final desta festa teatral púxoa Quico Cadaval, un dos maiores xenios teatrais que deu Galicia. El é o autor de

(Segue na páx. 6)

Asistimos ao Festival de Teatro Grecolatino A Coruña-Lugo-Ourense-Tui 2023 para ver *Miles Gloriosus,* de Plauto

A reivindicación da cultura clásica

SOFÍA GONZÁLEZ MÉNDEZ (1º BACH)/

O día 2 de marzo, logo de rematar as clases ás 14:15, o grupo de linguas clásicas de 1º Bacharelato desprazámonos en bus ata Tui e alí aproveitamos para xantar e descansar un anaco. Ás 17:00 achegámonos ao teatro, pois era a hora indicada para o comezo da obra *Miles Gloriosus,* de Plauto.

A profesora de Latín e Grego, María del Pilar Pereira (á esquerda), xunto co seu alumnado, antes de entrar á función teatral Miles Gloriosus

Ao contrario do que todos agardabamos dunha obra clásica, foi unha adaptación moi actual que contiña múltiples bromas de carácter sexual, ou alusións á recente polémica de Shakira e Piqué, polo que provocou o riso e entretivo a todos, iso si, mantendo a trama orixinal.

A trama da obra é a seguinte: Pirgopolínices, un soldado fanfarrón, secuestra a Filocomasia, unha cortesá ateniense, e lévaa consigo a Éfeso. Ademais, o mesmo soldado recibe de agasallo a Palestrión, criado do mozo ateniense Pleusides, que estaba namorado de Filocomasia, igual que ela o estaba del.

Pleusides tamén viaxa a Éfeso para tratar de recuperar a Filocomasia, e queda na casa a carón do militar. Despois desenvólvense unha serie de aventuras para rescatar a Filocomasia.

Se vos interesa, está subida na canle de YouTube de "Noite Bohemia", que foi o grupo de teatro coruñés que preparou esta montaxe. Tras rematar a obra saíron os actores cunhas pancartas, reivindicando o estudo das linguas clásicas nas aulas e a súa recuperación.

Xusto despois da fenomenal representación, realizada pola compañía coruñesa «Noite Bohemia», os seus integrantes despregaron esta tea reivindicativa

Nicolás Freiría Casal, durante a súa representación do monólogo de Shylock

Durante estes dez anos, ducias de estudantes pasaron polo Grupo de Teatro, como Brais Canitrot (no centro), actor da obra Criaturas no curso 2013-14, ou Paula Iglesias (á dereita), que participou dende o curso 2017-18 en varias obras colectivas e en monólogos.

(Vén da páx. 5)

varias obras que representamos no noso instituto nos últimos anos, como *Shakespeare para ignorantes, O rei nu* ou *Contos para a hora da cama,* e estabamos moi ilusionados en que puidese vir. Da organización da súa visita ocupouse o noso profesor de Matemáticas e colaborador do grupo de teatro Miguel Santiago. Presentamos a Quico cunha fermosa descrición que fixeran del os estudantes de 2º Bacharelato, e el respondeunos *escribindo no vento* un agasallo de palabras que nos deixou a todos absolutamente abraiados, incluído a Tatán, o actor e director da compañía teatral de títeres «Tanxarina», que tivemos a honra de que nos acompañase. A xornada pechouse definitivamente coa entrega dos diplomas aos integrantes do Grupo de teatro do último curso, por parte de Juana Muñoz e Raquel Santaolalla.

Na fotografía da dereita podemos ver a Raquel Santaolalla e mais a Juana Muñoz, vicedirectora e directora do noso insttituto respectivamente, uns intres antes de proceder á entrega dos diplomas aos integrantes da Aula de Teatro. O apoio de todo o equipo directivo do IES Ribeira do Louro durante todos estes anos foi esencial para a propia existencia desta actividade voluntaria, que se lles ofrece aos nosos estudantes fóra das horas de clase.

Podes ver a curta que preparamos entrando en Youtube e escribindo «X Aniversario Aula de Teatro» (IES Ribeira do Louro)



Se queres ver estes *Cadernos de Teatro* con todas as cores, entra na web do centro

Nova tempada teatral - Representamos *Idiota*, de Jordi Casanovas

Montamos este fenomenal *thriller* psicolóxico e levámolo de xira por outros dous institutos

Un home preséntase a unhas probas psicolóxicas moi ben pagadas, mais o que el pensa que será unha maneira doada e sinxela de conseguir o diñeiro que precisa para resolver os seus problemas económicos, convértese nun auténtico pesadelo.

O noso grupo de teatro leva á escena esta comedia negra e chea de suspense, escrita polo dramaturgo catalán Jordi Casanovas, que foi representada na nosa Terra de xeito maxistral pola compañía profesional galega Redrum Teatro.

O éxito colleitado pola nosa montaxe levounos a facer unha xira por outros institutos, xa no curso 2022-2023, e o 12 e 19 de decembro visitamos o IES Carlos Casares (Vigo) e mais o IES Val do Tea (Ponteareas). Nuns auditorios ateigados de centos de estudantes, os nosos actores e actrices realizaron unha actuación extraordinaria, e foron recibidos polo profesorado e alumnado deses institutos cun enorme respecto e agarimo. Beizóns a todos eles. E, sobre todo, moitas grazas Felisa, Víctor, Noa, Ana e mais Esme pola vosa fenomenal acollida, que nunca esqueceremos.

Elenco de oito actores e actrices da nosa versión de Idiota, *nunha montaxe fotografica para os carteis anunciadores da obra no IES Val do Tea e no IES Carlos Casares*

> «Parácheste a pensar o que pode acontecer cando asinas un contrato sen lelo na súa totalidade?»

IDIOTA, de Jordi Casanovas
(Retrinco textual)

DOUTORA EDEL: Pero acougue, home, acougue. Xa verá que as preguntas non son nada complexas.

CARLOS: Mellor... porque xa llo digo eu agora ... Eu de mozo non era moi bo estudante.

DOUTORA EDEL: Ah, non?

CARLOS: Presenteime máis dunha vez no exame de sociais co brazo escaiolado para poder ocultar as «chuletas».

DOUTORA EDEL: Isto non é ningún exame. Non se preocupe.

CARLOS: Ah, non? E que é?

DOUTORA EDEL: Se o observador se achega demasiado ao suxeito observado pode influír na reacción do propio suxeito.

CARLOS: Como?

DOUTORA EDEL: Que non lle podo contar nada se quero que a miña intervención non afecte no resultado final.

CARLOS: Grazas.

DOUTORA EDEL: Ademais, todo o que necesitaba saber para realizar a proba xa llo contou a miña compañeira. Non é?

CARLOS: De feito, eu crin que había estar ela tamén. Esa moza fíxome esas probas de escoller obxectos e pensaba que sería ela quen levaría a proba de hoxe.

D. EDEL: A proba de hoxe será diferente.

CARLOS: Claro. Aquelas probas eran moi doadas.

DOUTORA EDEL: Parecéronlle doadas?

CARLOS: Aquilo teríao respondido ata un neno da teta.

DOUTORA EDEL: Eran máis complexas do que aparentaban.

CARLOS: Non sería aquela proba de descubrir o obxecto non relacionado. Aquilo estaba, e perdoe a expresión, chupado. Se poñen unhas froitas e un coitelo, está claro que o coitelo é o que sobra.

DOUTORA EDEL: Que froitas había?

CARLOS: A ver... Se non recordo mal... Un pexego, unha pera, unha mazá e un plátano ... e o coitelo.

DOUTORA EDEL: E vostede escolleu o coitelo?

CARLOS: Que obxecto sobraba? O coitelo. (Pausa.) Esa moza díxome que o fixera moi ben. Moi simpática a rapariga.

DOUTORA EDEL: Moi simpática.

CARLOS: Virá nalgún momento hoxe?

DOUTORA EDEL: Non. Hoxe só habemos estar vostede e mais eu. Aínda que podemos dicir que tanto ela como os demais compañeiros de investigación, dalgún xeito, tamén están entre nós.

CARLOS: Ah, si?

DOUTORA EDEL: Ve iso de alí? (Os dous miran cara adiante e arriba)

CARLOS: Non.

DOUTORA EDEL: É unha cámara.

CARLOS: Ah. Caramba.

DOUTORA EDEL: E alí? (Os dous miran ao outro recanto).

CARLOS: Non vexo nada.

DOUTORA EDEL: Tamén hai outra.

CARLOS: Non sabía que habería cámaras.

D. EDEL: O contrato incluía unha cláusula na que nos autorizaba a facer uso da súa imaxe.

CARLOS: Ah. Da miña imaxe? Non o sabía. (Peitéase ante as cámaras.)

(Segue na páx. 10)



A obra foi publicada pola Editorial Antígona e dende aquí recomendamos vivamente a lectura deste texto marabilloso.

Cartel da versión galega da obra, montada por Redrum Teatro, unha compañía profesional que dende a súa fundación aposta pola produción de espectáculos cun coidado valor estético e artístico, e coa clara vontade de fomentar o entretemento e a cultura en galego.



Jordi Casanovas (1978, Vilafranca del Penedès), dramaturgo e director teatral. Escribiu máis de trinta obras, algunhas representadas en diversos pasíses do mundo. A maioría céntranse en temas polémicos e de actualidade. Pezas súas especialmente coñecidas foron Ruz-Bárcenas *e* Jauría. *A súa obra* Idiota *foi escrita no ano 2014.*

DOUTORA EDEL: Non leu o contrato?
CARLOS: O contrato?
DOUTORA EDEL: Leuno?
CARLOS: A ver. Aquela rapaza xa me dixo ...
DOUTORA EDEL: Que rapaza?
CARLOS: Aquela.
DOUTORA EDEL: Sara. Está a falar de Sara?
CARLOS: Estou. Supoño.
DOUTORA EDEL: Sara é unha moza moi guapa. Morena. Pelo curto. Ollos azuis.
CARLOS: Si. Sara. Moi guapa. Cos ollos azuis ... Ela contoumo ... e tan ben ... que pensei que non era necesario lelo.
DOUTORA EDEL: Un momento, un momento, un momento. (Pausa breve.) Estame dicindo que non leu todo o contrato antes de asinalo?
CARLOS: Que máis puña no contrato?
DOUTORA EDEL: Algunhas cláusulas de vital importancia.
CARLOS: Que cláusulas?
DOUTORA EDEL: Vostede podía asinar un contrato que nos permitise furarlle o cranio.
CARLOS: Asinei eu iso?
DOUTORA EDEL: Non, pero podería ser o caso.
CARLOS: A ver. Aquela moza aseguroume que podía confiar nela. Deume o contrato e quedouse alí mirándome ..., con eses ollos ... E eu pensei: agora non te porás a ler todo o contrato mentres esta moza te está a mirar deste xeito?
DOUTORA EDEL: Foi culpa de Sara?
CARLOS: Púxome nervioso.
DOUTORA EDEL: Sara provocoulle atracción sexual?
CARLOS: O que?
DOUTORA EDEL: Sentiuse atraído por Sara?
CARLOS: Eh?... Non.
DOUTORA EDEL: Pois, por que se puxo nervioso?
CARLOS: Non o sei. Non o podo saber.
DOUTORA EDEL: Se non se puxese nervioso tería lido todo o contrato na procura dalgunha cláusula nociva para vostede?
CARLOS: Si, si. Claro.
DOUTORA EDEL: Le sempre polo miúdo todos os contratos que asina?
CARLOS: Si. Non. (Pausa breve.) Todos?
DOUTORA EDEL: Todos.
CARLOS: Eh?
D. EDEL: Responda. (...)

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Elenco (por orde de aparición):

Carlos Varela ..... ANTONIO ÁNGEL GARCÍA TORRES (1ºEnxeñaría Telec.)
NICOLÁS FREIRÍA CASAL (2ºESO-A)
ADAM ABOUJAAFAR NAHIL (1ºBACH.-A)
MATEO ÁLVAREZ DACOSTA (2ºESO-A)

Doutora Edel ..... NANCY MERCEDES ROBLES GONZÁLEZ (1ºBACH.-B)
YOVANNA GONZÁLEZ PÉREZ (1ºBACH.-B)
SARAY PEREIRO PÉREZ (1ºBACH.-B)
ARANTXA FERNÁNDEZ GONÇALVES (1ºBACH.-A)

Manuel Buxán ..... MARCO ANTONIO R. RODRÍGUEZ (2º BACH.-A)

Enmascarado 1 ..... ANTONIO A. GARCÍA TORRES (1ºEnxeñaría Telecom.)

Enmascarado 2 ..... LUCÍA GARCÍA TORRES (CS Mediación Comunicativa)

Carmen Varela (tía) ..... BEATRIZ GONZÁLEZ GONZÁLEZ (1ºBACH.B)

Celador de residencia 1 ..... NICOLÁS MIGUÉLEZ BLANCO (1ºBACH.-B)

Celadora de residencia 2 ..... PATRICIA FENÁNDEZ PAZ

Ricardo Varela (pai) .....BRYAN GIRÁLDEZ LORENZO (1ºBACH.-B)

Alba Varela (filla) .....CLAUDIA FERNÁNDEZ LORENZO (2ºESO-A)

Coordinación da filmación na casa de Manuel Buxán... Antonio G. Torres

Arranxos estéticos das mesas ..... Alumnado de 1º FPB-Servizos Com.: Alicia Martínez Pérez, Paula Martínez Estévez, Carla González Rodríguez, Estela Castro Domínguez, Nerea Cano Ríos
(Coordinación: Alicia Pontón Rodríguez)

Vestiario ..... familias dos estudantes (Coord.: Virxinia Calviño Baltar)

Coordinación e adaptación da obra ..... Delio García Represas

Imaxe tirada xusto despois da nosa representación no IES Carlos Casares. Ademais dos integrantes do grupo de teatro, podemos ver tamén algúns familiares que nos acompañaron, así coma o director do instituto vigués, Víctor R. Romero, profesor tamén hai algúns cursos do IES Ribeira do Louro e colaborador moi activo daquela da nosa Aula teatral.

Adam e Saray presentan a obra. A foto corresponde á representación especial que se fixo para familias, amizades e alumnado de adultos.

Na obra Idiota, un cidadán (Antonio G. Torres) preséntase para un experimento de psicoloxía social moi ben pagado. A científica que dirixe a proba é unha psicóloga alemá (Nancy M. Robles).

Durante o experimento non pode haber móbiles. A psicóloga pídelle que llo entregue, malia as resistencias de quen non pode vivir sen el.

A doutora Edel amósalle as cámaras que van gravar o experimento. Diante da sorpresa do cidadán, lémbralle que no contrato que asinou, autorizaba que fixeran uso da súa imaxe.

E ademais explícalle que contiña unha serie de cláusulas de vital importancia. (Doutora Edel): «Le sempre polo miúdo todos os contratos que asina?». (Carlos Varela): Si. Non. Todos?

Primeira pregunta do test: "Se un home, provisto dunha pa, fai un burato no chan no prazo dunha hora, e dous homes, tamén provistos dunha pa cada un, fan dous buratos no chan en dúas horas ... Canto tardará un só home en facer medio burato?"





A resposta do cidadán (agora Nicolás Freiría) non é correcta. A psicóloga (agora Yovanna González) advírtelle que se volve fallar comezarán coas «medidas de presión». (Carlos Varela): «Que medidas de presión?». (Doutora): «O contrato deixábao ben claro, e vostede aceptouno». «Se non responde correctamente, os seus familiares sufrirán as consecuencias».

Carlos Varela descobre agora que puxeron cámaras na casa dun curmán seu, alguén por certo co que non mantiña unha boa relación: este traballaba na Seguridade Social e en certa ocasión non lle resovera unha «cousiña» relacionada cunha multa por unha traballadora que tiña sen asegurar no seu negocio.

A psicóloga díxolle tamén que o seu equipo coñecía ben o caso, chegara a falar co curmán e este comentoulles: "(Nun encontro familiar) vin que Carlos ía un pouco cocido e preferín non enfrontarme a el. Por iso respondinlle que eu non podía facer nada, que tiña as mans atadas. E Carlos replicoume berrando: 'As mans teríanchas que cortar porque así deixarías de estar a rañala todo o día' ".

A tensión aumenta. Informan a Carlos Varela que dous homes encarapuchados (Antonio e Lucía García) están a piques de entrar na casa do seu curmán (pódese ver máis arriba, lendo sentado no sofá, nun papel interpretado por Marco Antonio Rodríguez). O único xeito de evitalo, e de que lle fagan dano ao inspector de traballo, é que resolva o segundo enigma. O desenlace resulta tráxico. (Da coordinación da filmación na casa de Manuel Buxán ocupouse Antonio García Torres).

O cidadán (agora Adam Aboujaafar) non quere seguir: «Isto ten que ser mentira. Todo isto é unha broma de moi mal gusto e non penso xogar máis. Voume de aquí».

A doutora (agora Saray Pereiro) dille que non se engane, que sabe que non o vai facer porque precisa o diñeiro: «Saben a súa muller e a súa filla que se non paga esta mesma semana, o banco quedarase co bar e coa súa casa? Tamén asinou o contrato do crédito sen lelo?» Na peza de Jordi Casanovas percíbense elementos de teatro social: (Carlos Varela)«Quere que lle conte como me sinto cada noite despois de pasar dez horas de pé e non facer caixa nin para pagar a electricidade».

Continúa a tensión. Agora a vítima, no caso de fallar, pode ser unha tía de Carlos Varela doente de alzhéimer. (Doutora Edel): «Escoite atentamente se quere evitar que se produza un accidente nas escaleiras da residencia». Terceiro enigma: «O señor Ramón un día foise da casa porque lle saíra un traballo no estranxeiro. Pasou tres meses nun país afastado para terminar a tarefa que lle encargaron. Cando o señor Ramón volveu á súa casa, atopou a súa muller cun descoñecido na cama. Como é que aquel foi o día máis feliz na vida de Ramón? Desta volta, Carlos, que está a comezar a pensar doutra maneira, resolve a cuestión, pero cando lle din que o experimento aínda non rematou, esixe que o deixen marchar.

Pero agora parece xa demasiado tarde. A doutora ameázao cunha pistola dicíndolle que está obrigado a chegar ata o final e non debe presentar resistencia.

A tortura psicolóxica continúa: se falla, quen será castigado será o pai (Bryan Giráldez), de quen unha vez chegou a dicir: «Cando morras, farei o que me dea a gana e oxalá morras axiña».

A doutora (agora Arantxa González) proponlle unha nova proba con vasos a Carlos Varela (agora Mateo Álvarez) e el volve resolvela. Pero segue sen ser suficiente para a investigación.





Momento climático da obra. Ameazan a Carlos Varela con facerlle dano á súa propia filla se non acerta outro enigma (Claudia Fernández, na pantalla) e neste intre el estala: «Ti vasme rebentar o cerebro coa túa pistola. Sabes que o tes que facer porque se non o fas, será o teu o que remate por estalar». Chegados a este punto, a doutora ponlle o punto final ao experimento e aclara que todo foi unha simulación na que ninguén resultou ferido, e tamén explica a finalidade da investigación:

«O que os nosos clientes querían determinar era a cantidade de aldraxes e inxustizas ás que se pode someter un cidadán antes de que este deixe de ser idiota, se revire e sexa quen de arriscar a súa propia vida polo ben dos outros». Na imaxe máis da esquerda, Carlos Varela asina un novo contrato (de novo, sen lelo) polo que se compromete a non dicir nada do acontecido a cambio dos cartos. A obra remata cun acróstico: adiviñas o que pon?

Entrevista a Nadia G. Doménech, profesora de inglés e actriz profesional

«O actor nunha peza teatral é tamén un creador»

YOVANNA GONZÁLEZ PÉREZ / SARAY PEREIRO PÉREZ (2º BACH)

Cando naceu en ti o interese polo teatro? Fixeches algunha obra no instituto no que estudaches?

Pois naceu no colexio. A primeira vez que fixen algunha cousa foi unha declamación do "Romance de la luna, luna" de García Lorca en quinto de primaria. Á profesora gustoulle tanto que me levou de xira por todas as aulas (risas).

Despois, no meu instituto, non había grupo de teatro. Tentamos crear un pero non funcionou porque non tivemos apoio dos profesores. Cando eu marchei si que fixeron un e deume moita envexa porque seguro que eu tería participado.

Como foi a túa experiencia estudando Arte Dramática en Nova York? Como é a maneira de traballar de alá?

A experiencia foi moi boa xa que eu acababa de rematar a carreira de Filoloxía inglesa e déronme unha bolsa de estudos para facer algo en lingua inglesa. Elixín estudar teatro porque era o que me interesaba.

Respecto da forma de traballar de alí, empregan moito a visión americana do método Strasberg, que é un método de interpretación baseado nas accións físicas e nos intereses ou problemas psicolóxicos dos personaxes. Tes que buscar unha analoxía que se asemelle a un momento da túa vida e así poidas entender a túa personaxe. Aínda que, en realidade, o xeito de traballar é moi semellante ao que podes atopar aquí no tipo de exercicios que se practican e á hora da análise do texto. Tamén hai moito traballo físico, para o que se empregan sobre todo as técnicas de Lecoq e de Laban, que teñen que ver cos tipos de movemento que se poden facer, coas accións. Ademais, loxicamente, alá trabállanse moito os textos de autores norteamericanos: Tennessee Williams, Arthur Miller...

Que tipo de teatro che gusta? Hai algunha obra que che marcase especialmente ou que sexa a túa favorita?

Si, gústame moito Valle-Inclán. Unha obra que me marcou moito foi unha peza súa que interpretei na Escola de Arte Dramática chamada *Ligazón*.

Que é para ti teatro?

Comunicación. É a posibilidade de contar unha historia a través do teu corpo, da voz e dun texto. Aínda que ás veces hai teatro que non é de texto, senón de xesto, onde contas a historia a través do corpo. É un acto de comunicación entre o intérprete (e o director ou directora) e o público.

A nosa profesora Nadia, no centro, coas autoras desta entrevista

Sabemos que es unha experta en Shakespeare. Que deberíamos coñecer os estudantes deste autor?

A ver, eu non son unha experta en Shakespeare (risas). Shakespeare é marabilloso, é un pouco difícil cando o les por primeira vez, pero é fascinante porque nel está todo. Como dicía un profesor que tiven na Escola de Arte Dramática, todas as cousas que lle poden pasar a unha persoa están en Shakespeare: ambición, amor, sexo, medo, paixón, traizón, malestar, benestar, felicidade..., todos os sentimentos humanos se atopan na súa obra.

De feito, Shakespeare anticipa moitos fenómenos que viñeron moitos séculos despois. Por exemplo, a psicoanálise, que se formula a finais do século XIX, e que se percibe nunha escena de Macbeth. O personaxe de Lady Macbeth, que se sente culpable do crime do rei, esperta nunha ensoñación e vai vagando polo castelo, como sonámbula, tentando limpar as mans do sangue: "Fóra, mancha maldita!", chega a dicir. Todas as pulsións humanas están en Shakespeare e a súa obra máis completa nese senso coido que é Hamlet. Se podedes, lédea ou animádevos a ver unha película cunha boa adaptación.

Ti tamen actuaches en series de televisión. Hai moita diferenza entre facer teatro e cinema?

Si, non ten nada que ver. Traballei moi pouco, só fixen capítulos esporádicos. En teatro tes que facer as cousas pensando en grande, para que te vexa a xente que está ao fondo dun patio de butacas, e sobes a voz. No cine é todo o contrario porque o obxectivo da cámara é pequeniño, e moitas veces debes facelo todo cos ollos e en voz baixa, se non quedaría todo como sobreactuado e esaxerado. Ademais, en teatro ensaias moitísimo. En series non ensaias nada, danche o texto, lelo tres veces e a rodar, polo que non tes tempo moitas veces de preparar o papel con calma.

Como é ser actriz e como se traballa no mundo da interpretación?

Pois ser actriz é moi bonito. Aínda que estás baixo as ordes dun director ou directora que che din o que quere e tes que adaptarte a iso, tamén hai unha parte creativa que é o que ti achegas ao personaxe, a túa forma de entendelo, a túa forma de falar, a túa voz, o teu corpo. Polo tanto es un creador pero sempre tes que traballar baixo as ordes de alguén que che di o que quere.

Neste intre participas como actriz na obra da compañía «De Ste Xeito Producións», titulada *A resurreción de Nuno,* que está a ter bastante éxito. Cal é a temática e como é a túa personaxe?

A obra está situada no futuro e trata sobre a intelixencia artificial e a forma na que esta pode coarse nas nosas vidas. Hai un personaxe, o avó da familia, que morre e resulta que contratou un seguro de decesos polo cal pode ser resucitado a través dunha intelixencia artificial. É moi tolo todo (risas). A miña personaxe é a que vende o seguro e que inicia unha relación cun dos membros da familia, mais non é moi ben aceptada.

E pódesnos explicar como é o proceso de montaxe dunha obra teatral como esta?

Hai distintas formas de traballar e eu vouvos contar como o facemos nesta.

(*Segue na páx. 14*)

O grupo de Teatro Comunitario, dirixido por Irene Moreira, múdase do Porriño a Ponteareas

Teatro comunitario: á captura de escenas saborosas

Por Esmeralda Quiroga Rodríguez
(Dep. Lingua castelá do IES Val do Tea, en Ponteareas)

Xa temos falado aquí do Teatro Comunitario. Este xeito de estar e ser no teatro que despegou no sur de Galicia da man de Irene Moreira na Sala Ingrávida, sala teatral do Porriño que foi foco cultural porriñés e galego durante varios anos.

A sala pechou as portas ao público no 2020, pero queda a súa pegada, o seu percorrido e a súa ingravidez na Comuna, o grupo de teatro comunitario que naceu entre os seus panos, os seus focos, o seu corazón. Quen escribe estivo alí e é unha das persoas que participan deste grupo de teatro comunitario que este ano estivo de mudanza. Do Porriño desembarcamos en Ponteareas, co propósito de explorar este territorio tan rico tamén a nivel de teatro afeccinado e tan rico noutros eidos que estamos coñecendo agora.

O material fundamental do teatro comunitario, o celme que o pon en pé, o proceso sobre o que se constrúe a obra é, sobre todo, a recolleita das historias que viven, están, son, latexan na comunidade onde se asenta o grupo de teatro comunitario, neste caso, Ponteareas. Trátase dun concello grande e vivo, formado por 24 parroquias con arredor de 23.000 habitantes. Neles e nelas están depositadas as historias que imos levar ao escenario.

Pesca da lamprea con fisga no río Tea

De momento estamos pescudando e foron aparecendo vidas e mortes, bauticeiros, flores, fuxidos, ríos, mulleres, tangos, campás... que acabarán sendo material escénico e terán, no teatro, a luz que merecen por ser historias vivas da xente común que nunca serían contadas se non fose no teatro comunitario.

Inauguramos, pois, a tempada do teatro en Ponteareas, case ao mesmo tempo cá sonada lamprea. Estendemos, coma os pescadores (xa nos gustaría tamén que houbese pescadoras que seguro que as hai ou as houbo, pero están agochadas) a ponte de luz sobre o río para capturar escenas saborosas. Podemos agardar por elas todas as noites que fagan falta, podemos tiralas ao río para que sigan o camiño, podemos sacalas na fisga e contemplalas, como animais prehistóricos que son, porque as palabras xa están aí desde sempre, e podemos decidir non matalas e levalas ao escenario.

Xa caeron ben delas na fisga: o bautismo prenatal de Moreira e Cernadelas, os encontros na Freixa, a verdadeira historia do Dinguilindín, a memoria do fuxido chamado o Fresco, o Corpus e as flores recollidas...
A tempada está sendo boa, e nós gozamos do espectáculo de ver pasar as historias río arriba. A luz está no río. A luz está no teatro.

(Vén da páx. 13)

O proxecto xurdiu da compañía «De Ste Xeito», que desexaban facer unha obra que falara da nosa relación coa tecnoloxía. Tamén sabían que querían un elenco de distintas idades, para deixar claro que a tecnoloxía ten unha relación diferente coa xente de vinte anos, de corenta, de sesenta... Desta maneira, a compañía contou cunha serie de actores e actrices, entre as que me atopaba, e tamén cunha directora e cunha autora, a dramaturga que se encarga de escribir a obra. Fixemos unha serie de sesións colectivas coa dramaturga e a directora para falar das cousas que queriamos tratar, dos temas que nos preocupaban en relación á tecnoloxía e o futuro. A partir de aí, a dramaturga con esas ideas escribiu un texto cunha historia adaptada para ese elenco.

No verán xuntámonos para ensaiala coa directora e montala. Ademais, contouse cun escenógrafo que deseñou a escenografía para contar esa historia, un espazo-sonidista que se encargou dos sons e música que hai na función, e un figurinista que deseñou o vestiario. Todo iso fíxose no verán, e logo xa non houbo máis ensaios, cada vez que sae unha función na fin de semana, represéntase.

Que che apaixona máis, ser mestra de inglés ou actriz? É difícil compaxinar as dúas facetas?

Pois gústanme as dúas cousas moito. Non podería elixir porque me encanta ensinar, o inglés e o teatro. Sempre fixen cousas que están nesas dúas vías. Creo que tamén teñen moito que ver, son moi parecidas. A clase dalgunha maneira é como teatro porque saes, falas, tes que comunicar, tes un público ao que lle podes gustar ou non. E nunha aula o público é moi sincero.

Compaxínoo facendo as funcións as fins de semana, polo que dispoño de tempo o resto dos días para dedicarme ás clases.

Hai algunha técnica que nos poderías recomendar aos que estamos no grupo de teatro do instituto para controlarmos os nervios antes dunha actuación?

As técnicas de respiración diafragmática. Probástelas algunha vez? Tedes que intentar respirar de xeito profundo pero co abdome e non co peito para non cargarte de tensión. Hai que controlar a respiración: inspiras en cinco tempos, paras e logo espiras outros cinco. Con iso, consegues controlar a respiración e relaxarte. Pero non é máxico.

Outra cousa moi importante é identificar onde ti levas a tensión cando estás nerviosa (para poder soltala) porque cada persoa fai unha cousa diferente: algunhas tensan as mans, outras apretan moito os dentes... Moitas veces non somos conscientes diso.

Depois, cando estás no escenario, hai que tratar de concentrarse no texto, na outra persoa que está contigo, no que estás dicindo, para así poder esquecerte dos nervios.

Roald Dahl: Literatura, cinema e... teatro!

Por José Piñeiro Fernández (Dep. de Lingua inglesa)

De existir un panteón de creadores literarios que deixaron a súa pegada no eido da literatura infantil e xuvenil no século XX, con toda probabilidade Roald Dahl sería un dos autores que ocuparían un lugar preponderante. Este novelista británico, nado en Cardiff o 13 de setembro de 1916, cativou a xeracións de nenos, nenas e adolescentes con historias caracterizadas por un estilo simple cargado de humor e ironía. Dahl creou con mestría unha serie de personaxes que recollían a súa esencia no seu nome e que traspasaron o imaxinario colectivo para converterse en referentes culturais. Quen non se lembra de Willy Wonka ou de Matilda?

O escritor británico Roald Dahl (1916-1990)

Fotograma da serie «Alfred Hitchcock presenta». O episodio Dip in the Pool, *que levou á escena o noso Grupo de Teatro co título de* Un cruceiro de pracer, *tivo como guionista a Roald Dahl*

Malia ser fundamentalmente recoñecido pola súa produción literaria, Roald Dahl tamén puxo a súa creatividade ao servizo da sétima arte. Un dos grandes directores de tódolos tempos, Alfred Hitchcock, levou á pequena pantalla algúns relatos do escritor (*Lamb to the Slaughter, Dip in the Pool, Poison*). O cineasta británico sempre profesou unha grande admiración polo creador galés. Asemade, existe un dato que pode resultar sorprendente mesmo para algúns dos seus fieis lectores: Dahl chegou a guionizar dous filmes de James Bond nos anos sesenta do século pasado. No entanto, se por algo é coñecida a súa vinculación co mundo do celuloide é polas adaptacións cinematográficas dalgunhas das súas novelas máis coñecidas, como é o caso de *Os Gremlins, Matilda* ou *Charlie e a Fábrica de Chocolate.* Precisamente, e xa tralo pasamento do autor, estas dúas últimas obras foron tamén adaptadas e levadas ao teatro en musicais que gozaron de grande éxito de público e crítica. É por isto que, a pesares de non poder ser considerado un dramaturgo en sentido estrito, as máxicas novelas de Roald Dahl transcenden a palabra escrita e cobran vida en teatros de todo o mundo.

Para serdes testemuñas desta maxia, queridos amantes do teatro, podedes ler a continuación unha das escenas máis icónicas da obra de teatro de *Charlie e a Fábrica de Chocolate* tanto en inglés como en galego. Que dicides, queridos e queridas políglotas actores e actrices? Atrevédevos a representala? Go for it!

CHARLIE AND THE CHOCOLATE FACTORY:
SCENE 1.

(AUGUSTUS GLOOP appears somewhere in the audience.)

AUGUSTUS: Chocolate... chocolate... chocolate... I... love... chocolate! Ummmmmm... food... food! (He smacks his lips repeatedly.). Ummmmm... I must eat all the time... Ummmmm... Chocolate! This golden ticket is my meal ticket to... uh... eat... and eat... and eat... and eat! Ummmmm... chocolate... chocolate... (He sits down).

NARRATOR: Well, uh, friends, that was our first Golden Ticket finder – Augustus Gloop. Let's see now if the lucky girl who found our second Golden Ticket is here. Oh, Violet... Violet Beauregarde?

(VIOLET BEAUREGARDE appears somewhere in the audience, chewing ferociously on gum, waving her arms excitedly and talking in a rapid, loud manner.)

VIOLET: I'm a gum-chewer normally, but when I heard about these ticket things of Mr. Wonka's, I laid off the gum and switched to candy bars ...



Edición galega da famosa obra de Roald Dahl

Á esquerda, o texto orixinal en inglés; á dereita, a súa tradución ao galego

CHARLIE E FÁBRICA DE CHOCOLATE:
PRIMEIRA ESCENA.

(AUGUSTUS GLOOP aparece en algures entre o público)

AUGUSTUS: Chocolate... chocolate... chocolate... Encántame... o chocolate! Ummmmmm... comida... comida! (Relambe os beizos repetidamente). Ummmmm... Debo comelo todo o tempo... Ummmmm... Chocolate! Este billete dourado é o meu billete para... emmm... comer... e comer... e comer... e comer! Ummmmm... chocolate... chocolate... (Toma asento).

NARRADOR: Ben, amigos, ese foi o primeiro en atopar o Billete Dourado, Augustus Gloop. Vexamos agora se a afortunada rapaza que atopou o noso segundo billete dourado está aquí. Oh, Violet... Violet Beauregarde?

(VIOLET BEAUREGARDE aparece en algures entre o público, roendo unha goma de mascar ansiosamente, facendo movementos cos brazos emocionada e falando rapidamente e moi alto.)

VIOLET: Normalmente tomo goma de mascar, pero cando oín falar dos billetes do señor Wonka, deixeina e paseime ás barriñas de chocolate ...

... in the hope of striking it lucky. Now, of course, I'm right back on gum. I just adore gum. I can't do without it. I munch it all day long except for a few minutes at mealtimes when I take it out and stick it behind my ear for safekeeping. To tell you the honest truth, I simply wouldn't feel comfortable if I didn't have that little wedge of gum to chew on every moment of the day. I really wouldn't. My mother says it's not ladylike and it looks ugly to see a girl's going up and down like mine do all the time, but I don't agree. And who's she to criticize, anyway, because if you ask me, I'd say that her jaws are going up and down almost as much as mine are just form yelling at me every minute of the day. And now, it may interest you to know that this piece of gum I'm chewing right at this moment is one I've been working on for over three months solid. That's a record, that is. It's beaten the record held by my best friend, Miss Cornelia Prinzmetel. And was she ever mad! It's my most treasured possession now, this piece of gum is. At nights, I just stick it on the end of the bedpost, and it's as good as ever in the mornings... a bit... hard at fist... maybe... (She sits down.)

NARRATOR: Such a, uh, lucky, uh, girl. Isn't she, uh, uh, wonderful? The third Golden Ticket was found by another lucky girl. Her name is Veruca Salt. Is Veruca here now?
(VERUCA SALT appears somewhere in the audience.)
VERUCA: Where's my Golden Ticket? I want my Golden Ticket! Oh yes... here it is! As soon as I told mhy father that I simply had to have one of those Golden Tickets, he went out into the town and started buying up all the Wonka candy bars he could lay his hands on. Thousands of them, he must have bought. Hundreds of thousands! Then he had them loaded on to trucks and sent directly to his own factory. He's in the peanut business, you see, and he's got about a hundred women working for him over at his joint, shelling peanuts for roasting and salting. That's what they do all day long, those women... they just sit there shelling peanuts. So she says to them, "Okay, girls," he says, "from now on, you can stop shelling peanuts and start shelling the wrappers off these crazy candy bars instead!" And they did. He had every worker in the place yanking the paper off those bars of chocolate, full speed ahed, from morning till night. But three days went by and we had no luck. Oh... it was terrible! I got more and more upset each day, and every time he came home I would scream at him, "Where's my Golden Ticket? I want my Golden Ticket!". And I would lie for hours on the floor, kicking and yelling in the most disturbing way. Then suddenly, on the evening of the fourth day, one of his wome workers yelled, "I've got it! A Golden Ticket!" And my father said, "Give it to me, quick!" And she did. And she rushed it home and gave it to me, and now... I'm all smiles... and we have a happy home... once again. (She sits down).

NARRATOR: Thank you, Veruca. Isn't she a lovely girl? Now the fourth and last ticket was found by a boy named Mike Teavee. I wonder if Mike's got his ticket with him. Where are you, Mike?
(MIKE TEAVEE appears somewhere in the audience.)
MIKE: Of course, I've got a Golden Ticket, but why can't everyone leave me alone? I want to watch television! (He pulls out his guns and fires into the air.) I watch all of the shows every day, even the crummy ones where there's no shooting. I like the gangsters best. They're terrific, those gangsters! Especially when they start pumpling each other full of lead... or flashing the old stilettos... or giving each other the one-two-three, with their knuckledusters! Oh, boy, what wouldn't I give to be doing that myself! It's the life, I tell you. It's terrific! (He sits down.)

NARRATOR. And that, folks, is, uh,, Mike Teavee. Sorry for, uh, bothering you, Mike.

... coa esperanza de ter sorte. Agora, por suposto, volvín á goma de mascar. Simplemente adóroa. Non podo vivir sen ela. Tómoa todo o día excepto uns minutos durante as comidas cando a saco e a pego detrás da orella para non perdela. Para ser sincera, non me sentiría cómoda se non tivese ese pequeno anaco para mascar en calquera momento do día. Non podería. A miña nai di que non é propio de señoritas e que non resulta agradable ver a unha rapaza coa goma de mascar arriba e abaixo todo o tempo, pero eu non estou de acordo. Mesmo diría que as súas mandíbulas soben e baixan case tanto como as miñas cando me berra cada minuto do día. E agora, pode que sexa do voso interese saber que levo tres meses traballando neste anaco que estou a mascar agora mesmo. É todo un récord! Batín o récord que estaba nas mans da miña mellor amiga, a señorita Cornelia Prinzmetel. E vaia enfado que pillou! Agora esta goma de mascar é a miña posesión máis prezada. Polas noites, pégoa no borde da cama e polas mañás sabe tan ben coma sempre... quizais... un pouco... dura ao comezo...(Toma asento).

NARRADOR: Unha rapaza moi...emm... afortunada, non si? Marabilloso! O terceiro Billete Dourado foi parar a outra rapaza afortunada. Chámase Veruca Salt. Atópase aquí Veruca agora?
(VERUCA SALT aparece nalgures entre o público.)
VERUCA: Onde está o meu Billete Dourado? Quero o meu Billete Dourado! Ah, si!... Aquí está! Apenas lle dixen ao meu pai que quería ter un destes Billetes Dourados, dirixiuse á cidade e comezou a comprar todas as barriñas de chocolate de Wonka ás que lle puido botar a man. Debeu de mercar miles delas. Centos de miles! Despois mandounas meter en camións e enviounas directamente á súa propia fábrica. Ten un negocio de cacahuetes e conta cunhas cen mulleres que traballan para el pelando cacahuetes para tostar e salgar. Esas mulleres fan iso todo o día... simplemente sentan alí pelando cacahuetes. Entón vai el e dilles: "Moi ben, rapazas, a partires de agora podedes deixar de pelar cacahuetes para comezar a quitar envoltorios destas barriñas de chocolate!" E así o fixeron. Puxo a cada traballadora do lugar a retirar o papel desas barriñas de chocolate a toda velocidade, da mañá á noite. Pero pasaron tres días e a sorte non chegaba. Oh... era horrible! Cada día estaba máis desgustada, e cada vez que o meu pai chegaba a casa eu berráballe, "Onde está o meu Billete Dourado? Quero o meu Billete Dourado!" E deitábame durante horas no chan, patexando e berrando do xeito máis molesto posible. Entón, de súpeto, na tarde do cuarto día, unha das súas traballadoras berrou: "Téñoo! Un Billete Dourado!" E o meu pai dixo: "Dámo axiña!" E así o fixo. E volveu a casa a toda présa e deumo, e agora... Non fago máis que sorrir... e temos un fogar feliz... outra vez (Toma asento).

NARRADOR: Grazas, Veruca. A que é unha rapaza adorable? Agora o cuarto e último billete foi parar a un rapaz chamado Mike Teavee. Pregúntome se Mike leva o billete enriba. Onde estás, Mike?
(MIKE TEAVEE aparece nalgures entre o público.)
MIKE: Abofé que teño un Billete Dourado, pero por que non me deixa todo o mundo tranquilo? Quero ver a televisión! (Saca unha das súas pistolas e dispara ao aire.) Vexo todos os programas todos os días, mesmo aqueles inútiles nos que non hai disparos. Os meus favoritos son os de gángsteres. Son xeniais os de gángsteres! Especialmente cando se enchen o corpo de chumbo... ou sacan a relucir os seus estiletes.... ou cando se dan malleiras cos seus puños de aceiro! Oh, Deus, o que daría por estar no seu lugar! Iso e vida. É xenial! (Toma asento.)

NARRADOR. E ese, amigos, é, emmm, Mike Teavee. Sinto molestarte, Mike.

Obras mestras, intertextualidade e literatura comparada: da folla ao fotograma, da páxina á escena e do parágrafo á viñeta

Por Iago Alonso Vázquez (Dep. de Lingua inglesa)

Este curso mergullámonos na lectura de clásicos da literatura universal e exploramos os diferentes aspectos do texto fonte a través de distintas adaptacións e referencias intertextuais. Estas novas interpretacións complementan, modernizan, actualizan, enriquecen e, moitas veces, enchen de novos matices as personaxes do texto orixe. Tendo en conta que traballamos cun idioma estranxeiro, a lingua inglesa, lemos versións graduadas (resumidas e simplificadas) destes relatos cuxa mitoloxía conforma o imaxinario colectivo do mundo occidental.

Algúns clásicos da literatura universal traballados neste curso

A lenda do xinete sen cabeza (1820)

No primeiro curso de Educación Secundaria lemos *A lenda do xinete sen cabeza* (*The Legend of Sleepy Hollow*), do escritor estadounidense Washington Irving (1783-1859). Dito autor foi un pioneiro no seu país de orixe, xa que logrou subsistir grazas á súa profesión, algo que non conseguiran xenios anteriores. Non só acadou sona polos seus descritivos relatos, ensaios xornalísticos ou biografías, senón que foi un persoeiro polifacético e versátil. Ostentou cargos políticos e mesmo foi embaixador dos EUA en España durante o reinado de Isabel II de Borbón, época na que xurdirían os seus coñecidos *Contos da Alhambra* (*The Alhambra Tales*).

A lenda do xinete sen cabeza pertence ao xénero de terror e encádrase no Romanticismo, aínda que presenta elementos doutros xéneros: o gótico, a fantasía, a sátira, etc. O relato desenvólvese a finais do século XVIII e conta a historia dun mestre moi supersticioso, Ichabod Crane, que chega a unha vila norteamericana ateigada de medo aos trasnos. Alí terá que facer fronte aos seus sentimentos por Katrina Van Tassel e mais aos seus rivais: Brom Bones e un enigmático e desapiadado soldado da Guerra da Independencia (1775-1781). A obra ambiéntase na vila real de Sleepy Hollow, a cal está localizada nun val á beira do Río Hudson, no estado de Nova York, onde se establecera unha colonia neerlandesa (coñecida inicialmente como Nova Ámsterdam) no século XVII.

Cómpre lembrar que a transmisión oral, mediante a memoria e a repetición, foi chave para garantir que perdurasen no tempo as lendas, as fábulas, os mitos, os contos tradicionais e mais os romances, os refráns ou as adiviñas. A literatura de tradición oral reflicte a identidade e os valores propios dos distintos pobos, herdados de xeración a xeración. Un exemplo abondo salientable foi «A lenda do Rei Arturo», que xorde en Gran Bretaña, e pasou por todos os recunchos do planeta, incluído Hollywood, mediante distintas versións, como a de Walt Disney (*Merlín o encantador*). En Galicia, dispoñemos das reinterpretacións *Merlín e familia* (Álvaro Cunqueiro) ou *Galván en Saor* (Darío Xoán Cabana). No caso do xinete sen cabeza, trátase dun mito que aparece non só no folclore estadounidense, senón tamén en territorios como Irlanda, Escocia ou Alemaña e, de feito, existen rexistros en textos medievais que datan do século XIV. Seica o mito xurdiu entre os celtas, na figura do «dullahan» ou «home escuro», e espallouse coa diáspora irlandesa.

En Radio Ribeira fixemos un especial para o Día do Libro no que se deu conta deste proxecto

Co gallo do Día do Libro, o 23 de abril, creamos finais alternativos para *A lenda do xinete sen cabeza* e plasmámolos en bandas deseñadas, tal e como contamos en Radio Ribeira, «entre todas, a primeira». Despois da lectura a viva voz e os coloquios e debates posteriores, tiramos de memoria, imaxinación e creatividade para facer a nosa achega cooperativa e manter viva esta lenda. Esa memoria foi o que permitiu a supervivencia desa literatura de tradición oral, tal e como se mencionou anteriormente. Así mesmo, visualizamos escenas das distintas adaptacións e desfrutamos da proxección de *Sleepy Hollow* (1999), dirixida por Tim Burton, producida por Francis Ford Coppola e gañadora dun Óscar. O filme conta cun reparto estelar e rostros coñecidos da sétima arte, que inclúen dende Johnny Depp (*Piratas do Caribe*), Christina Ricci (*A familia Addams*), Christopher Walken (*O cazador*), Miranda Richardson (*As horas*) ou Michael Gambon (*Harry Potter*) ata Christopher Lee (*O señor dos aneis* ou *Star Wars*, ademais de encarnar ao Drácula máis icónico, con permiso de Gary Oldman). A diferenza do relato, o universo burtoniano engade un maior repertorio de elementos fantásticos (como a árbore da morte) e mais personaxes femininas (meigas que practican a maxia negra e branca). *(Segue na páx.18)*

Decorados da obra teatral Hotel Canterville, nunha montaxe de Face2Face Theatre Company. O noso estudantado desprazouse ao Centro Cultural do Porriño para asistir a esta representación, inspirada na obra de Wilde aínda que moi diferente da orixinal. Ademais, os nosos rapaces e rapazas foron convidados a participar activamente na peza e amosaron a súa competencia en lingua inglesa e mais os seus dotes escénicos.

Ademais, fai unha crítica ao fanatismo relixioso e aos seus abusos, na liña d' *A letra escarlata*.

Grazas a esas adaptacións (cinematográficas, televisivas e teatrais), a figura do xinete sen cabeza segue presente no folclore popular e configura un grande referente cultural da literatura anglosaxoa. Aparece directa ou indirectamente na cultura occidental e nas súas festividades, sendo unha das máis omnipresentes na celebración do Halloween ou Samaín. Esta alongada pegada chega mesmo ata o mundo dos videoxogos, en sagas como *World of Warcraft* ou *Assassin's Creed*. Non obstante, a derradeira reinterpetación do mito vén de ser publicada en forma de novela gráfica, baixo o sintético título de *Hollow*. Escrita man a man por Shannon Watters e Branden Boyer-White e ilustrada por Berenice Nelle, traslada a acción a un instituto estadounidense na actualidade. Hollow presenta un abano de personaxes moi diverso, encabezados por Isabel "Izzy" Crane e Vicky Van Tassel, cuxos devanceiros foran os protagonistas do relato orixinal. Esta novela gráfica constitúe outra nova incorporación ao canon da literatura LGBTI+ infantil e xuvenil.

Outro exemplo de transvase cultural é o nome do cabalo de Ichabod, o cal foi o escollido para un superheroe do universo de Marvel Comics. «Daredevil» («ousado» ou «atrevido») representa, de xeito casual ou deliberado, outro exemplo de intertextualidade, tan característica da literatura posmodernista ou contemporánea.

A pantasma de Canterville (1887)

No segundo curso da E.S.O. exploramos *A pantasma de Canterville* (*The Canterville Ghost*), do escritor Oscar Wilde (1854-1900). O autor irlandés foi coñecido polo seu enxeño, que plasmou nunha bibliografía que abrangue dende pezas teatrais, epigramas, ensaios, ou contos ata a súa afamada e única novela: *O retrato de Dorian Gray*. Considerado unha das figuras chave do Londres vitoriano, segue a ser un referente máis aló dun século do seu pasamento na capital parisiense, previo paso polo cárcere. As súas citacións son arquicoñecidas e seguen a perdurar no tempo e no noso imaxinario: «Non teño nada que declarar, agás a miña xenialidade».

O relato d' *A pantasma de Canterville*, que recolle aspectos de distintos xéneros (terror, gótico, parodia, fantasía), conta as peripecias dos membros da familia Otis, tras se instalaren nunha vella mansión na campiña inglesa e malia seren advertidos de que o espectro de Sir Simon habita nela. A pantasma erra pola vivenda condenada ao non-descanso eterno, en grande parte grazas aos fillos xemelgos, aínda que, a primoxénita, Virginia, compensará estes infortunios.

O relato foi adaptado tanto ao cinema como á televisión en múltiples ocasións. Unha das versións máis coñecidas é a protagonizada por Neve Campbell (*Scream*) e Patrick Stewart (*A Patrulla X*) para a canle ABC. Como non podía ser doutro xeito, *A pantasma de Canterville* tamén foi obxecto de adaptacións teatrais ao longo dos anos. De feito, o pasado mes de maio, acudimos ao Centro Cultural do Porriño á representación de *Hotel Canterville* por Face2Face Theatre Company. Nesta peza teatral observamos lixeiras referencias á obra de Oscar Wilde, aínda que cunha nova ollada. Unha das novidades desta versión foi a introdución doutra icona da cultura popular: Elvis Presley. A representación contou con algúns dos temas más sonados do cantante e actor estadounidense, entre os que destacaron "Jailhouse Rock" ou "Fever". O noso alumnado converteuse en intérprete por un día, xa que foron convidados a participar activamente na peza, na que amosaron a súa competencia en lingua inglesa e mais os seus dotes escénicos. O alumnado, elixido polos propios actores, encarnou distintas personaxes secundarias da obra: o acolledor botóns, a temible gánster e ata o moderno ascensor do hotel. Agardamos fervorosamente polos nomeamentos aos Premios María Casares da vindeira edición!

Dorian Gray, quizais a personaxe con máis sona saída da pluma do escritor dublinés, foi escollida para a saga de novelas gráficas *A liga dos homes extraordinarios* (*The League of Extraordinary Gentlemen*), de Alan Moore, coñecido por títulos como *V de Vendetta, Constantine, Watchmen* ou *From Hell*. N' *A Liga dos Homes Extraordinarios* o Imperio británico recruta unha elite de axentes secretos para que protexan o Londres da Raíña Vitoria. Xunto con Dorian Gray, esta sorte de Liga da Xustiza conta coas personaxes de Allan Quatermain (*As minas do Rei Salomón*), o Capitán Nemo

O alumnado creou finais alternativos para A lenda do xinete sen cabeza *e plasmounos en bandas deseñadas*

Nevermore, de Chévere

A arte e a política, diálogo lexítimo?

Por Soraya Domínguez Portela (Dep. de Lingua galega)

A relación da arte coa política é unha constante na historia da literatura. Un espectáculo é un medio excepcional para transmitir valores, ideoloxía e, ante todo, para a crítica. Dende o xogo artístico, analízase o tempo no que lle tocou á artista vivir. Mais non é unha aposta exenta de receos.

Chévere é unha das grandes compañías dentro do teatro galego; este é un feito que xa ninguén discute. Pero, curiosamente, nunca foi imparcial nin temerosa no seu posicionamento político e isto non lle significou unha perda de público. O pasado 3 de febreiro representaron no teatro de Tui a súa obra NEVERMORE. A sala estaba chea e a aclamación final foi estrondosa, a pesar da verdade sen filtros que mostraban. Nesta peza revisitan a catástrofe do Prestige. Xa pasaron 20 anos dende o afundimento do petroleiro e, se quedaban dúbidas na interpretación dos feitos e en quen foran os culpables dun desastre ecolóxico de altísimo nivel, o afastamento temporal dános ese prisma necesario para ollar o pasado sen admitir discusión. Na obra expoñen sen piedade a chapuceira actuación dos responsables políticos do PP da altura. O tempo pasou, pero as emocións quedan aí. Tamén no público que vivimos a traxedia. Mais isto non trae consigo un sacrificio na calidade do espectáculo.

Algunhas mensaxes que se puideron ler ao final do espectáculo

Cartel da obra de Chévere

Seis actores no escenario guíannos polos feitos dende diferentes perspectivas: o campo de batalla da limpeza, os recordos de diferentes persoas que viviron a catástrofe dende cerca e a escenificación das gravacións reais dos responsables no momento da xestión do barco dende a fisura no casco ata o afundimento. Ademais, queda lugar para o simbólico. Algúns son símbolos icónicos do momento histórico, coma os paraugas negros; e outros son símbolos universais, coma o omnipresente corvo de Edgar Allan Poe. Finalmente, as linguaxes son tamén múltiples: imaxe, sons superpostos, metateatro, clown...

A peza remata con cantos ó máis puro estilo da Burla Negra: este foi un movemento da xente da arte en contra dun novo atropelo das autoridades. En definitiva, conclúen cunha homenaxe á demostración de que a arte e o compromiso político poden ir da man, sen que ningún dos dous perdan identidade nin entidade.

(Vén da páx. 18)

(*20.000 leguas de viaxe submarina*), o Doutor Jekyll ou Mina Murray (*Drácula*). Ao longo de máis dunha década (1999-2019) iranse incorporando á saga máis figuras como o monstro do Frankenstein creado por Mary Shelley ou a Alicia de Lewis Carroll. O primeiro volume da saga tivo unha adaptación cinematográfica protagonizada polo actor escocés Sean Connery, célebre por encarnar a James Bond na grande pantalla. Por outra banda, a personaxe inmortalizada no retrato incluso chegou ao mundo dos videoxogos, sendo *Brink of Consciousness: Dorian Gray Syndrome* o máis coñecido.

Oscar Wilde (1854-1900)

Outro exemplo de transvase cultural ou intertextualidade que conecta ao irlandés coa nosa cultura é o título *De profundis* (2007), filme animado do artista coruñés Miguelanxo Prado. *De profundis* («dende as profundidades») foi o nome escollido por Oscar Wilde para a carta (1897) que lle escribiu ao seu amante (o poeta e xornalista Lord Alfred Douglas) durante a súa estadía de dous anos no cárcere. Con todo, a referencia orixinal proviría do salmo 130 do Antigo Testamento.

O punto de partida destas escollas bibliográficas foi espertar e fomentar o ánimo lector, sen descoidar o potencial dos materiais audiovisuais (filmes, series, obras de teatro, videoxogos, novelas gráficas). Estes permiten ampliar os textos para establecer os alicerces dunha sociedade máis tolerante e susceptible ás aportacións de referentes doutros países, contribuíndo así a difundir a cultura nun mundo globalizado, plurilingüe e posmoderno. Deste xeito, as obras seleccionadas servíronnos como ferramenta para abranguer e profundar nos diferentes aspectos socioculturais dos países anglófonos, así como nos contidos transversais e comúns a outras materias do currículo. Partindo da lectura d' *A lenda de Sleepy Hollow* e d 'A *pantasma de Canterville* e das súas distintas adaptacións, expandimos os coñecementos sobre Washington Irving e Oscar Wilde, ao tempo que elaboramos a nosa propia achega do material lido, incorporando elementos desas versións xunto con achegas orixinais.

Washington Irving (1783-1859)

Agnodice (Aroa González Alén: 1ºESO-B)

Françoise Heritier
(Nayara Fernández Alves Ferreira: 1ºESO-B)

Urania Mella (Iria Fernández Rodríguez: 1ºESO-B)

Monólogos das nosas alumnas no Cento de Día de Torneiros

Maruxa Mallo (Deshireé Rosillo Giménez: 1ºESO-B)

Rita Levi Montalcini (Rocío Rodríguez Barros: 2ºESO-C)

Hedy Lamarr (Azahara Oliveira Vázquez:1ºESO-A)

Clara Shumann (Marina Pereiro Cruz: 1ºESO-B)

Monólogos teatrais para o Día Internacional da Muller - 2023

Greta Thumber, sobre o cambio climático planetario: «É como se a nosa propia casa se estivese incendiando e non fixésemos nada por apagar as lapas»

As nosas alumnas homenaxean oito mulleres excepcionais da historia: Agnodice (médica), Clara Shumann (pianista), Urania Mella (política), Maruxa Mallo (pintora), Hedy Lamarr (actriz e enxeñeira), Françoise Heritier (antropóloga), Rita Levi Montalcini (neuróloga) e Greta Thunberg (activista medioambiental), e colleitan un gran éxito nas nosas aulas. Ademais, as actrices foron convidadas ao Centro de Día de Torneiros, onde foron recibidas polos traballadores e usuarios cun enorme agarimo.

Greta Thumber (Leire Pérez Alén: 1ºESO-B)

GRETA THUNBERG

Bos días. Chámome Greta Thunberg e son unha activista moi coñecida en todo o mundo polo meu traballo contra o cambio climático e o quecemento global.

Nacín en Estocolmo (Suecia) no ano 2003 e con 15 anos, despois dunha serie de vagas de calor e incendios no meu país, decidín comezar a primeira folga escolar polo clima diante das portas do parlamento. O que demandaba era que o goberno sueco reducise as emisións gases contaminantes á atmosfera. A miña protesta serviu de exemplo para que miles de estudantes de países de todo o mundo se unisen a un movemento que se chamou "Fridays For Future" (Venres polo Futuro) e lle reclamasen o mesmo aos seus respectivos gobernos.

Sabemos que a causa do cambio climático ten que ver coa liberación á atmosfera de gases de efecto invernadoiro, como o dióxido de carbono, o metano, o óxido nitroso ou os clorofluorocarbonos, porque favorecen que a calor quede atrapada e aumente a temperatura promedio da Terra. E por esa razón resulta imprescindible, por exemplo, reducir drasticamente a queima de combustibles fósiles como o gas natural, o petróleo e o carbón, a talla de bosques e o abuso da gandería intensiva.

Son moitas as consecuencias que xa está producindo o cambio climático: vagas de calor e sequías moi intensas e frecuentes, escaseza de auga potable, mega-incendios, aumento do nivel do mar, inundacións, desxeo dos polos, treboadas catastróficas e diminución da biodiversidade.

Resulta incrible que agora que coñecemos as gravísimas consecuencias do quecemento global pola acción do ser humano sobre o planeta, esta nova non apareza como titular diario nos medios de comunicación. É como se a nosa propia casa se estivese incenciando e non fixésemos nada por apagar as lapas. O grave é que moitos seguen ignorando o problema, algúns mesmo o negan e o peor é que os máximos responsables non actúan para resolvelo, sobre todo eses 10 países causantes do 70% de todas as emisións contaminantes que se producen no planeta.

Se queredes coñecer os feitos máis importantes sobre o cambio climático dun xeito rigoroso e comprensible, podedes ler unha obra que acabo de publicar co título de *O libro do clima*, no que conseguín reunir algúns dos maiores expertos do mundo sobre cambio climático.

Moitas grazas.

Actuación da nosas oito actrices no salón de actos do IES Ribeira do Louro, escenario dos monólogos xunto coas propias aulas do centro

Isto é unha farsa!

Por Iago Rodríguez Ramos (Dep. de Lingua francesa)

O título que encabeza este artigo era o berro que o público francés profería hai tempo tras as actuacións de teatro. Pero lonxe do que poidamos pensar, as farsas foron os grandes reclamos nos teatros e nas representacións teatrais durante centos de anos no país veciño. E é que a farsa é un xénero popular concibido co obxectivo de facer rir e gustar ó público.

Pero poñámonos en contexto, imaxinemos que vivimos nunha época de pestes, guerras civís relixiosas ou a guerra dos Cen Anos con Inglaterra. A meirande parte da poboación vive baixo mínimos e pasa penurias día tras día. Nestas condicións aparece a farsa. Pero por que é o xénero predilecto do pobo? Pois pola simple razón de que o seu obxectivo era liberar, durante uns momentos, deste sufrimento a poboación. E para conseguilo empregaban temáticas ben simples nas que a un personaxe inxenuo se lle xogan malas pasadas como enganos amorosos ou nas que un estafador acababa sendo estafado. Isto estaba representado nunha soa escena, o que provocaba que a xente non se aburrise e fosen situacións moi dinámicas. No que se refire aos personaxes, todos eran iguais, non había heroes nin viláns para que o público se puidese rir de ou con todas as personaxes representadas.

Estas farsas eran interpretadas por *troupes* ou grupos de cómicos itinerantes que percorrían as vilas do país e que se representaban nas prazas dos lugares. Estes grupos teatrais estaban compostos por un pequeno grupo de actores que podían interpretar varios papeis e que adoitaban acabar a golpes as súas actuacións.

As representacións comezaron sendo, nun primeiro momento, antes da Coresma, coincidindo co período do Entroido, no que a orde habitual se quebra e a fantasía pasa a ser realidade. Pero, despois do éxito recollido, as funcións pasaron a ser tres veces por semana: venres, domingos e martes.

Debido a que as farsas son un xénero maioritariamente oral e que a invención da imprenta chegou tarde para o xénero, apenas quedan duascentas obras hoxe en día. Non obstante, mantemos suficiente escolma como para divertirnos coa que, probablemente, sexa a obra de máis sona e unha das máis antigas: *La Farce de maître Pathelin*. De autor descoñecido, esta narra a historia de tres persoas que pretenden estafarse. O primeiro é o avogado (le maître Pathelin), que engana a un vendedor de teas co fin de renovar o seu armario e non pagar un peso. O segundo é o vendedor, que trata de estafar ao pastor que lle dá a lá. E o terceiro é este último, que contrata os servizos do avogado Pathelin para a defensa do xuízo contra o vendedor. Cal é a estratexia? Responder a todas a preguntas do xuízo beando (Be!). Éxito rotundo para o pastor que acaba gañando o proceso.

E como final deste escrito, déixovos a resolución desta obra na que o avogado lle reclama os cartos ó pastor e onde, como non pode ser doutro xeito, todo acaba sendo unha farsa.

La Farce de maître Pathelin *(retrinco final)*

PATHELIN
Cordeiriño, vén, estás absolto!
O PASTOR
Bee!
PATHELIN
Veña! Basta xa de bear!
O PASTOR:
Bee!
PATHELIN
Teño que irme... É o momento que de verdade me deas o meu.
O PASTOR
Bee!
PATHELIN
Si! Moi ben! Dáme os cartos. Vas pagarme neste intre. É inútil que bees.
O PASTOR



La Farce de maître Pathelin, *peza teatral anónima de mediados do século XV. A edición recolle o texto orixinal medieval e mais a tradución ao francés moderno.*

Bee!
PATHELIN
Para xa con esa linguaxe! Veña, o diñeiro... que me vou.
O PASTOR
Bee!
PATHELIN
Veña! Pronto, o meu diñeiro! Os seis escudos, por salvarte! Veña, sé bo.
O PASTOR
Bee!
PATHELIN
Queres darme o mesmo pago! Que teño as suficientes canas no pelo para que un bruto, un vil vilán me roube!
EL PASTOR
Bee!
PATHELIN
Non dirás outra palabra? Ben! Sen máis tardanza, págame xa! Queres vir ata casa acompañándome para cear?
EL PASTOR
Bee!
PATHELIN
Ah! Este asno quere mandarme de paseo? Pensei de enganos ser mestre... e o enganado fun eu. Agora tócame a min o castigo e é un pastor o que se mofa de min. Pero espera aquí, que saio por un garda para que vos saque o diñeiro.
EL PASTOR
Se es quen de atraparme, pagareiche! (Foxe)

FIN

(Vén da páx. 4)

ALBERTE: Entón... Todo isto, o meu negocio, o meu invento, eu... Non somos máis que unha obra de teatro? Somos uns meros personaxes imaxinados por un dramaturgo? Non pode ser. Pensaba que estaba tolo pero todo isto vai moitísimo máis alá. Os meus amigos, os meus pais, a miña muller... Non son reais?
(Volve ao escenario)
ALBERTE: Todo o que fixen na miña vida estaba predefinido nun simple texto. Entón, a miña vida non ten sentido. Que sentido ten vivir sabendo que estás vivindo unha mentira? Que todo o que te rodea é falso. Todos as miñas lembranzas nunca aconteceron. Os meus pais nunca estiveron vivos nin a miña empresa foi fundada. Non teño razóns para seguir coa miña vida sabendo todo isto. Todo é falso, e de todas formas síntoo tan... verdadeiro. Pero vaia, este soño foi moi bonito mentres durou, e iso teño que agradecerllo ao meu creador. Grazas por facer que tivese uns pais marabillosos e unha infancia, aínda que humilde, chea de felicidade. Grazas tamén por facer que a miña vida se cruzase con xente como Arturo, ese amigo de toda a vida que por moitos anos que pasen, sempre está para axudarte e para pasar un tempo agradable entre cervexa, axdando a esquecer os malos días. Tamén por facer que coñecera a María, o amor da miña vida, que me apoiou sempre en todo o que fixen. Á fin e ao cabo todo llo debo a el. Sexas quen sexas, grazas por darme unha vida feliz. (Saca unha pistola) Nunca pensei que tivese que utilizala, pero que sentido tería seguir vivindo esta mentira. Tamén teño que agradecervos a vós, por ver a miña vida, aínda que non fose máis que unha obra, e perdoade, xa que estou seguro de que, cando entrastes nesta sala, non tiñades pensado presenciar un suicidio. É todo culpa dese maldito invento. Se non se me ocorrera esta idea, nada disto tería pasado, eu seguiría coa miña mentira sen sabelo e non había atopar con este problema. Ai! Que bonita é a vida do ignorante. (Apúntase á cabeza coa pistola) Grazas a todos. (Dispara)

PÉCHASE O PANO

O desacougante inferno sartreano: *Huis clos* (A porta pechada)

Fermín Freixido Seoane *(Dep. Lingua francesa do IES Eduardo Pondal, en Compostela)*

*«**A miña nai**, acompañante e guía de luxo no cemiterio de Ribadavia. Con ela aprendín o significado do Eterno Retorno».*

*«**A Paco Abuín**, mestre sepultureiro. Filósofo da morte, e tamén da vida».*

Jean-Paul Sartre arengando a estudantes e obreiros no maio do 68

Hai quen me di que son un pouco macabro porque me encanta visitar os cemiterios, estean onde estean. Pode que teñan bastante razón. É certo que teño debilidade polos camposantos e non o pretendo agochar. Quizais sexa unha paixón morbosa ou a procura dun contacto máis directo co mundo de ultratrumba no que non creo, pero que gustaría de imaxinar. Posiblemente sexan ambas cousas á vez, que intentan satisfacer diferentes instintos, non sempre primarios. Os cemiterios son realmente acougantes e misteriosos. Son coma un libro con todas as páxinas abertas, en forma de abano, follas nas que se nota o paso do tempo como o xornal da barra do bar ao cabo do día.

Lembro aquela mañá fría e húmida dun sábado, cun sol retraído que me levou visitar algúns personaxes célebres que me fixeron reflexionar coma poucos e dos que seguín, bastante polo miúdo, a súa biografía e como non, a súa obra.

No cemiterio de Montparnasse tiven o impulso mitómano de visitar a tumba onde repousan os restos de Jean-Paul Sarte e da súa amante Simone de Beauvoir, agora eternamente xuntos despois dunha longa e tortuosa relación sentimental. Esta tumba aparece sempre chea de ofrendas senlleiras como os panos de mesa do Café de Flore onde a parella pasaba longas horas de faladoiro coa intelectualidade do seu tempo, billetes de metro usados con frases lapidarias dos autores e moreas de cabichas ofrecidas a quen fora un fumador empedernido. Este é un cemiterio alegre, desinhibido, pero sen a solemnidade e a maxestuosidade do cemiterio du Père Lachaise onde, entre centos de personaxes celebres, están soterrados os restos de Jim Morrison, cantante de The Doors e morto en París nunha bañeira en estrañas circunstancias. A tumba de Jim, cuxo nome está groseiramente marcado nos laterais das tumbas, dende a entrada principal, cunha pequena frecha gravada cunha pedra para que poidamos atopala entre as máis de 70.000 coas que conta o cemiterio, é dunha austeridade sublime. Apenas unha pedra de granito rectangular, a modo de cabezal, na que hai centos de escritos dos milleiros de fans chegados do mundo enteiro que compoñen un verdadeiro palimpsesto. Obxectos de todo tipo, cal ofrenda aos deuses, amoréanse sobre o recinto da tumba, frecuentemente valada para evitan as avalanchas de fans. Eu mesmo sucumbín varias veces á mitomanía deixando algunha frase nalgún billete usado de metro agradecendo o seu legado. "This is the end" e algunha máis que xa non lembro.

Tumba de Jim Morrison no cemiterio du Père Lachaise. Foto tomada no 50 aniversario da súa morte.

Tumba de Jean-Paul Sartre e Simone de Beauvoir no cemiterio de Montparnasse

Onde estarán estes dous personaxes? Segundo a moral católica máis integrista, corresponderíalles o inferno. Ambos eran promiscuos, hedonistas, transgresores e desobedientes. Calquera destes adxectivos por si mesmo xa te conduciría inexorablemente ao inferno. Estas "visitas" trouxéronme á mente a singular idea do inferno "laico" onde se desenvolve a súa peza *Huis Clos*, escrita por un dos pais do Existencialismo, que tiña posto un ollo en París e outro en Moscova (Nunca me gustou, meu, que te decantaras polo estalinismo, aínda que tiveras un ollo extraviado) e da que brevemente falarei a seguir....

Resulta difícil imaxinar un escenario tan simple para representar unha obra tan complexa. O sinxelo é só unha aparencia, unha falsa aparencia que nos leva a unha das reflexións filosóficas máis profundas do ser humano: a existencia.

Un cuarto sen fiestras, coa luz acesa día e noite e cunha porta que só se pode abrir desde o exterior, é o claustrofóbico escenario no que están condenados a "convivir" eternamente os personaxes. Un espazo cunha calor abafante, á imaxe do inferno.

Os tres personaxes da obra, nun só acto, son, cada un ao seu xeito, xente malvada. **Garcin** é un covarde que quere facerse pasar por un heroe. **Estelle** é unha infanticida que se laia de ser unha vítima da existencia. **Inés** non pode disimular a súa homosexualidade vivida con moito sufrimento aínda que busque adaptarse á situación. Isto fai que as relacións sexan moi difíciles. Estelle convértese así en rival de Garcin con respecto a Inés quen, a pesar da súa

(Segue na páx.24)

heterosexualidade, se transforma en inimiga súa. Deste xeito, non é posible a existencia de ningunha parella. Este é o **inferno**: a realidade é que o trío está condenado eternamente a mirarse de fronte sendo ademais conscientes de que as súas vidas foron un absoluto fracaso no mundo dos "vivos".

O número reducido de personaxes, e ademais impar, complica a relación entre eles. A tensión na súa "convivencia" reproduce as pésimas relacións que viviron cos demais cando estaban vivos.

A teima do espello

Aínda que no escenario de *Huis Clos* non exista ningún espello (é obvio que os obxectos da vida cotiá non teñen ningún sentido no inferno), os tres personaxes falan acotío deles, sentindo a necesidade de verse reflectidos. Este obxecto sería o único que podería substituír a mirada dos demais. Sartre xoga así co **ser** e co **parecer**. Á falta dun espello, cada un dos tres condenados dispón da mirada dos demais para observarse. O ser e o parecer dificilmente se poñen de acordo porque o espello e a ollada humana están moi lonxe de coincidir.

O espello pode, en efecto, acougar. É o que experimenta a miúdo Estelle cando di: "a miña imaxe nos espellos estaba dulcificada, Eu coñecíaa tan ben..." O espello era para ela a proba aparente da existencia. Era, asemade, o suxeito que miraba e o obxecto observado (temos que lembrar que na filosofía sartreana, o individuo, para ter unha idea obxectiva de si mesmo, tiña que ter en conta aos demais).

Unha parodia de encontro amoroso

O inferno é un lugar onde todo amor, ou calquera manifestación do amor resulta imposible.

O papel e significado das emocións

As relacións cos demais son o verdadeiro tema d' *A porta pechada.* A convicción segundo a cal o individuo só existe na súa relación co mundo leva a Sartre a rexeitar os esquemas tradicionais da psicoloxía e a ver nas emocións un grao superior de consciencia.

Huis Clos escapa a toda convención realista do inferno. Sartre, como ateo convencido, non pretende convencernos da existencia dun inferno despois da morte e moito menos describilo tal cal se representa no imaxinario popular. Nada nesta obra acaba por ser certo nin sequera, verosímil. Os personaxes son a un tempo mortos e vivos.



O inferno son os outros: frase que deixou Sartre para a posteridade. Foto tomada no metro de Marsella

A vida despois da morte

Garcín foi fusilado; Inés morreu asfixiada polo gas; e Estelle foi vítima mortal dunha neumonía. Os tres están teoricamente mortos, pero ao mesmo tempo viven, por así dicilo, con normalidade. Teñen un corpo, andan, falan... Os seus sentidos permanecen aínda vivos: ven, oen, conservan o tacto aínda que non poden nin durmir, nin alimentarse. Para que cando se está morto? No entanto, manteñen, curiosamente, case intacto o seu instinto sexual.

Obxectos insólitos

O universo desta peza está chea de obxectos que podemos clasificar en dúas categorías: os obxectos nomeados, pero ausentes; e os obxectos presentes, pero inútiles.

O inferno sartreano defínese, ante todo, polo que non é. Por oposición á imaxe tradicional do "inferno"cristián, lugar de sufrimentos e castigos, non hai ningún obxecto de tortura. Dende o momento da súa entrada na habitación, Garcín pregunta por eles, provocando o abraio e a hilaridade do camareiro.

Estas alusións aos obxectos ausentes tenden a crear no lector unha desorientación total para proxectala nun máis alá verdadeiramente descoñecido. Ninguén sabe evidentemente o que podería ser o "inferno". Pero o espectador máis culto, crente ou non, non ignora a representación que deu del o imaxinario cristián popular. Ante a ausencia de todo material de tortura, este espectador queda culturalmente desconcertado como tamén lle ocorre con esta estraña habitación.

Escenario minimalista de Huis clos

Polo contrario, cando os obxectos infernais están presentes, non teñen ningunha función. O timbre non funciona, o cortaplumas non ten tampouco utilidade ningunha xa que non hai nin libros, nin sobres, nin papel no cuarto. Estelle servirase deste obxecto para asasinar Inés. Pero, pódese matar un morto?

Os sofás permiten sentar, pero non durmir. No inferno non se dorme, e para que sentar se non se está nunca canso? Estes obxectos que non son útiles para nada, simbolizan un espazo carente de significado. O significado e a causalidade desaparecen por completo nun espazo estraño e frío.

Un lugar sen descanso

O xeito de vivir no "inferno" sartreano é nomeadamente un suplicio. É certo que é un lugar sen axitación, pero tamén sen descanso. A imposibilidade de durmir fai a convivencia insoportable. Non hai modo de evadirse a través do soño. Tampouco hai maneira de refuxiarse na ensoñación. As pálpebras de Garcín están atrofiadas e non as pode pechar.

O individuo xa non ten escapatoria e, aínda que no inferno non haxa obxectos de tortura, o castigo está asegurado. O ser converterase definitivamente nun prisioneiro do seu pensamento e da despiadada mirada dos demais.

A pesar de todo, desde este "máis alá", os personaxes ven o que pasa no mundo dos vivos e escoitan o que aqueles din deles.

O tempo e a eternidade

No plano técnico Sartre tivo que empregarse a fondo para suxerir a eternidade. Non hai aquí pasado, presente, nin futuro. A eternidade é un dato inaprensible e difícil de concebir. Non obstante, o autor consegue dar unha certa impresión de eternidade. Por unha banda, grazas á eliminación progresiva do tempo humano e pola suxestión dunha duración sen fin. Esta eternidade convértese así nunha fonte de sufrimento para aos personaxes. Dende o momento que o tempo humano se desintegra, comeza a eternidade. "Nós quedaremos aquí ata o final", exclama Inés. Pero ese "ata o final", non ten fin. Presente e futuro acaban confundíndose. Condenados a permanecer xuntos, os tres personaxes teñen que xirar en redondo coma os cabaliños do tiovivo, a repetir indefinidamente o que fan. "Nós corremos uns detrás dos outros coma os cabalos de madeira, sen chegar nunca a alcanzarnos" exclama Garcín.

(Segue na páx.25)

Shakespeare en Roma

Raquel Castro Martínez (Dep. de Lingua galega)

Cartel da obra

Centro Dramático Galego
FICHA TÉCNICA

CORIOLANO
Dirección: Rui Madeira
Dramaturxia: Volodymyr Snegurchenko

XULIO CÉSAR
Dirección: María Barcala e Xúlio Lago
Dramaturxia: Ana Carreira

ANTONIO E CLEOPATRA
Dirección: Sara Rey
Dramaturxia: Ana Abad de Larriva

TITO ANDRÓNICO
Dirección: Quico Cadaval
Dramaturxia: Lorena Conde

ELENCO:
Xurxo Cortázar
Sheyla Fariña
Cris Iglesias
Rebeca Montero
Marcos Orsi
Fran Peleteiro
Santi Romay
Toni Salgado

Vestiario e utilería: Saturna
Espazo sonoro: Xosé Lois Romero
Deseño de iluminación: Juanjo Amado
Asistencia de dirección: Keka Losada
Asistencia de produción: José Díaz
Realizacións:
Escenografía e attrezzo: Equipo técnico do CDG
Vestiario: Equipo técnico do CDG
Fotografías e vídeos: Miramemira
Deseño gráfico: Trisquelia
Coordinación e corrección de textos | Asesoría lingüística: Rosa Moledo
Accesibilidade LSE: Los Últimos Teatro
Audiodescrición: ONCE
Programa accesible: FADEMGA-Plena Inclusión

A partir de textos de Shakespeare (*Coriolano, Xulio César, Antonio e Cleopatra,* e *Tito Andrónico*) o Centro Dramático Galego ofrécenos dúas horas e vinte de espectáculo continuado no Salón Nobre do Pazo de Fonseca, onde respiran a un tempo actores e público, sendo testemuña este último das pezas máis sanguinarias do dramaturgo inglés, quen se achegou ao mundo clásico para reflexionar sobre o poder e os instintos humanos máis primitivos que nunca desaparecerán.

O Salón Nobre do Pazo de Fonseca axúdanos a achegarnos, quizais, ao ambiente isabelino para o que Shakespeare escribiu as pezas, mais, tamén, nos axuda como público a sentirnos parte da representación, ben como membros do senado romano testemuñas da morte de César, ben como ondas dun mar revolto onde os barcos de Cleopatra se enfrontan aos barcos romanos.

É Coriolano un déspota, un traidor sanguinario ou tan só se deixa manexar por súa nai? É Xulio César un potencial inimigo da República ou o seu salvador? Cleopatra e Marco Antonio poden separar a súa vida amorosa da vida política ou a vida privada dos mandatarios está necesariamente ligada á súa vida pública? E, finalmente, Tito Andrónico é consciente dos seus actos ao arrastrar tras de si morte e desgraza para os seus achegados, aínda que sexa un gran heroe para Roma?

Cada un dos protagonistas pode simbolizar unha forma de ser, unha actitude vital de hoxe en día. As paixóns levadas ao extremo, os desexos de vinganza, o non saber escoitar os demais con empatía son os problemas que universalmente levamos ás costas, por iso que esta aposta por recoller as pezas do dramaturgo inglés do Centro dramático non está fóra de lugar xa que son atemporais.

Non vos esperedes, tampouco, ver actores e actrices con vestiario da República, non, máis ben é un vestiario que nos lembra no caso dos homes ao exército nazi, gabáns longos de coiro e botas altas. No caso das mulleres o vestiario axuda co que esixe o guión, así, por exemplo, atopamos a saia de Cleopatra, de claro estilo militar ou exploradora, que lle serve para ir tirando dos seus infindos petos fíos ou cordas que a atan, agoara si agora non, a distintos personaxes ao mesmo tempo que simbolizan as ondas do mar.

A actuación de todo o elenco é inmellorable, oito persoas que dan vida a 47 personaxes shakesperianos nun ritmo trepidante, mais que non dá lugar á confusión entre personaxes, aínda que un mesmo actor ou actriz interprete varios ao longo das catro pezas. Mesmo hai lugar para a interacción co público cun xogo metateatral cando a actriz Sheyla Fariña, que acaba de interpretar a muller de Coroliano, nos pide axuda para transportar a bañeira, porque hai que cambiar de peza e ela non é quen de movela. Ao igual que ao comezo, que o técnico fala de suspender a función porque non hai unha boa iluminación na sala.

(Vén da páx. 24)

Portada da obra

Entre catro paredes non describe en sentido estrito a eternidade, senón máis ben o acceso á eternidade cando o home acaba de morrer. Son, en certo modo, os primeiros minutos da eternidade, que se han de repetir, sen límite, exactamente igual. Non hai futuro, nin tampouco pasado. Só queda un presente, que permanece para sempre inmóbil.

Escapando do tempo, a eternidade sartreana confire un privilexio que acaba sendo temible: o saber total. Os tres condenados coñecen todo de si mesmos e tamén dos demais. Pero este aparente privilexio acaba sendo algo terrible, na medida en que, lonxe de liberalos ou de consolalos, agóbiaos aínda máis. Coñecer todo significa tamén autocoñecerse completamente. E no fondo do coñecemento absoluto que teñen de si mesmos e de cada un, descobren a súa covardía e a dos demais, a súa mala fe e o seu fracaso definitivo. En todos os sentidos, a eternidade é infernal.

A obra non ten acción, nin desenlace. A idea mesma dun final é absurda no contexto da eternidade, que, por definición, non coñece ningún límite.

Unha visión tráxica da existencia

A pesar das aparencias, esta obra é unha metáfora da existencia terrenal. Accedendo á eternidade no inferno, os personaxes toman conciencia de que a súa sorte está botada. Ocorre o mesmo, segundo o autor, a todos os seres humanos. Dende o nacemento, o desenlace é ben sabido, na medida en que todos estamos condenados a morte. Condenados por nada e sen cometer ningún delito.

Unha espera insoportable

A espera á que se aveñen os personaxes é angustiosa. Normalmente a espera acarrexa un fin, feliz ou desgraciado. Os tres personaxes non fan máis ca esperar, pero é unha espera sen razón, sen ningunha finalidade e baleira de sentido. En *Huis Clos* o suposto maís alá da morte fai tomar consciencia da ausencia de sentido da existencia.

" Entón, é isto o inferno? Nunca o podería crer... Lembrades: o xofre, o carniceiro, o aceite fervendo..... Ah! Vaia broma. O inferno son os demais".

Ao ritmo das nosas raíces

***Por Noa García Garrido** (Dep. de Lingua castelá do IES Carlos Casares, en Vigo)*

Xabier Díaz coas Adufeiras de Salitre, no seu disco As Catedrais Silenciadas

Hai verbas e sons que escoitamos durante a nosa infancia sen decatarnos de que o seu significado está configurando xa a nosa personalidade. Por suposto, falo da familia, pero non só; tamén hai docentes que, ao arrolarnos cos seus coñecementos, van forxando a nosa identidade. Cando estaba en Primaria, un profesor de Lingua Galega, Xan Centrón, díxonos algo que me conmoveu profundamente: "o latín ten moitas fillas, pero a máis bonita de todas, é o galego". Alén dese amor polo idioma, este mestre educounos na tradición popular galega. Con el puxemos a rodar o trompo, manchamos a cara no Magosto, celebramos o xoves de comadres e tamén o domingo fareleiro. Esta valiosa herdanza, unida ao folclore galego que se respirou sempre na miña casa, convertéronme nunha persoa comprometida coa lingua e tamén coas tradicións da nosa terra, particularmente coa danza.

Se acompañamos o ensino da lingua da súa cosmovisión e o seu legado cultural, estaremos un pouco máis preto de que o alumnado comprenda por que supón unha perda irreparable a extinción do noso idioma. Os estudantes deben ser conscientes de que o baile tradicional galego non é un invento artificial limitado aos escenarios.

A orixe de moitas das manifestacións que coñecemos hoxe en día (muiñeiras, carballesas, ribeiranas) parte xa do século XVII, e algunhas outras, como a danza do espantallo, remóntanse á época celta. Hai tamén danzas procedentes da etapa medieval, como é o caso do "Abellón", un baile fúnebre que se interpretaba nos velorios: homes e mulleres collíanse das mans e facían un círculo mentres imitaban o funguido do insecto. Aínda que esta tradición esmoreceu, hoxe en día si se manteñen outras danzas do ciclo anual que naceron arredor dos séculos XVI e XVII. É o caso dos Ranchos de Reis, que se recuperaron recentemente no concello de Salceda de Caselas. Neste municipio, o día 6 de xaneiro, dous bailadores e unha nena realizan unha danza no adro da igrexa e tamén se desprazan aos centros culturais de parroquias veciñas.

Alumnado do IES Álvaro Cunqueiro

Arredor do século XIX popularízase a xota, que a pesar da súa orixe andaluza, obtivo un gran éxito na nosa terra. Este ritmo atopámolo nas danzas de Entroido de San Adrián e Santa Cristina de Cobres, en Vilaboa. O máis característico desta manifestación é o vestiario, caracterizado polo uso de múltiples colares e uns altos sombreiros adornados con flores e plumas. Alén deste tipo de danzas do ciclo anual, non podemos esquecer os bailes espontáneos que xurdían nas foliadas ou seráns. Estas tradicións poden ser achegadas ao alumnado a través da literatura, pois ademais de Rosalía con *Cantares gallegos*, outros poetas, como o recén homenaxeado Delgado Gurriarán, deixaron constancia do espírito festivo do pobo galego: "gorxas que estoupan a berros; / pernas que firen o chan; / poeira, do chan salaios, / que rube aos ouvidos do ar". Tamén a figura recuperada este ano, Fernández del Riego, se interesou polo folclore no seu libro *Danzas populares gallegas,* e de feito, á volta da súa viaxe a Arxentina, país no que se publicou a obra citada, foi recibido no porto de Vigo por unha banda de gaiteiros.

Tras o meu paso polo Porriño, destináronme ao Álvaro Cunqueiro, e neste caso, aproveitamos o fenómeno Tanxugueiras para o Día das Letras Galegas, no que escenificamos unha muiñeira coa canción de "Terra".

Actualmente formo parte do IES Carlos Casares, e tamén aquí contei con profesorado que me apoiou para coreografiar unha xota que interpretamos o 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Elixín de novo as Tanxugueiras, pero esta vez co tema "Que non mo neguen".

Nos tres institutos, o resultado de traballar o baile tradicional foi moi gratificante: é unha marabilla ver como o alumnado que non sabía nada de danza galega consegue interpretar unha muiñeira ou unha xota con emoción e entrega. Desgraciadamente, son cada vez menos os estudantes que dedican o seu tempo de lecer ao folclore galego, por iso cómpre revitalizalo dende os centros educativos. Se non emprendemos este labor, as inquedanzas artísticas do alumnado serán plenamente absorbidas polos estilos urbanos. Por suposto, non lles quito mérito e creo que tamén é moi positivo que coñezan outras variedades, pero esa práctica non ten por que ser incompatible co coñecemento das danzas propias da comunidade. Se nós mesmos desprezamos as nosas raíces e a nosa forma de festexar, quen vai coidar toda esa riqueza? Saber bailar unha muiñeira é unha actividade fundamental para que o alumnado poida gozar da nosa cultura. Lembro que o verán pasado, nas festas de Torroso, en Mos,

Alumnado do IES Carlos Casares

vin uns rapaces de Pereiras (algúns deles, alumnos do Ribeira do Louro), bailando ao son da magnífica música de Xabier Díaz. Sentín unha emoción moi fonda, porque imaxes coma esa convéncenme de que as novas xeracións aínda "se afirman no amor dos devanceiros".

Rancho de Reis de Salceda de Caselas